Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para atender a situación das mulleres vítimas de violencia de xénero que viven no rural

- 29349 - 18500 (11/PRE-008890)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre os motivos polos que se decidiu facer unha modificación á baixa do programa 451B, Acceso á vivenda, nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e o impacto que tivo sobre os colectivos potencialmente beneficiados por unha completa execución deste programa

- 29348 - 18512 (11/PRE-008901)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as razóns do incremento, por importe de 16.703.000 euros, levado a cabo no programa 451B, Acceso á vivenda durante o ano 2020, os valores acadados polos indicadores denominados Vivendas de promoción pública licitadas e Axudas concedidas para o acceso á vivenda, así como o impacto do baixo nivel de execución que presenta

- 29347 - 18544 (11/PRE-008919)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre as axudas económicas recibidas polo Grupo Cándido Hermida e as previsións da Xunta de Galicia respecto dos despedimentos que se produciron neste grupo empresarial

- 29346 - 18548 (11/PRE-008923)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 3 máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia en relación co peche de tendas do Grupo Inditex en Ferrol e A Coruña

- 29345 - 18560 (11/PRE-008929)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a audiencia e o horario de emisión pola Televisión de Galicia do programa *Clac*, dedicado ao cinema galego



- 29344 - 18561 (11/PRE-008930)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre o presente e o futuro do departamento de produción propia da Radio Galega, así como do Estudo 5

- 29373 - 18744 (11/PRE-008987)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co estado do protocolo interinstitucional de actuacións sobre delitos sexuais do partido xudicial de Santiago de Compostela

- 29372 - 18748 (11/PRE-008991)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 4 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da aplicación da Lei 2/2014 e do funcionamento do Observatorio Galego contra a Discriminación por Orientación Sexual e Identidade de Xénero

- 28711 - 18836 (11/PRE-009029)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da restitución dos dereitos laborais do persoal da Consellería de Política Social suspendidos no ano 2012

- 28710 - 18837 (11/PRE-009030)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre os labores de inspección da Consellería de Política Social nas residencias de maiores e demais centros que prestan servizos sociais en Galicia

- 28709 - 18838 (11/PRE-009031)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da situación do servizo de axuda no fogar e das condicións laborais das súas traballadoras, así como as medidas que vai adoptar para a súa mellora e adaptación á realidade actual

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2022

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 26 de xaneiro de 2022, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre o estatuto e o financiamento dos partidos políticos europeos e as fundacións políticas europeas (refundición) [COM(2021) 734 final] [COM(2021) 734 final anexo] [2021/0375 (COD)] {SEC(2021) 577 final} {SWD(2021) 359 final} {SWD(2021) 360 final}

-11/UECS-000134 (28871) Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre o estatuto e o financiamento dos partidos políticos europeos e as fundacións políticas europeas (refundición) [COM(2021) 734 final] [COM(2021) 734 final anexo] [2021/0375 (COD)] {SEC(2021) 577 final} {SWD(2021) 359 final} {SWD(2021) 360 final}

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 28871, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Europea en relación coa Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre o estatuto e o financiamento dos partidos políticos europeos e as fundacións políticas europeas (refundición) [COM(2021) 734 final] [COM(2021) 734 final anexo] [2021/0375 (COD)] {SEC(2021) 577 final} {SWD(2021) 359 final} {SWD(2021) 360 final}.

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos legislativos da Unión Europea (no BOPG núm. 27, do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto legislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto legislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición de lei para a mellora da asistencia primaria no Sistema público de saúde de Galicia**.

Exposición de motivos

A atención primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo obxecto de debate e discusión por parte de todas as persoas axentes implicadas no deseño e implementación das políticas sanitarias, incluídos por suposto os propios profesionais que traballan no sistema.

A realidade actual na que vive este nivel asistencial quedou en evidencia no afrontamento da pandemia provocada pola COVID, mais os problemas reais veñen dende hai uns anos e a situación actual non fixo máis que deixalos á vista. A atención primaria vive hoxe un momento delicado, con clara necesidade dun cambio de modelos de xestión, baseado na necesidade de comprendela como unha ferramenta non introdutoria ao sistema sanitario, senón como o eixo máis resolutivo dentro do sistema. A súa capilaridade infiltrada no territorio ofrece, ademais, unha oportunidade de reequilibrar as diferencias territoriais e compensar as distintas posibilidades que o sistema sanitario de Galicia ofrece hoxe en función do lugar de residencia.

O sistema de atención primaria afronta diversos problemas estruturais, fundamentados nun concepto excesivamente encorsetado na xestión sanitaria, ademais dunha errática planificación de recursos humanos que deriva nun problema de afianzamento de profesionais nos centros de saúde. Esta situación provoca que existan, hoxe, demoras e listas de espera no ámbito da primaria, tradicionalmente recoñecida pola súa capacidade de resposta rápida.

En termos de recursos, materiais pero sobre todo humanos, a competencia en termos de oferta laboral conlevou unha perda de peso específico do sistema en Galicia en favor doutros lugares, tanto noutros países estranxeiros como en comparación con outras comunidades autónomas que apostaron decididamente pola suba de condicións laborais nunha dinámica de mercado. Galicia mantén unha tendencia difícil, froito da inestabilidade do sistema e das difíciles condicións de eventualidade ás que se someten aos e ás profesionais.



Ademais das condicións de recursos resulta necesario redimensionar a importancia da atención primaria. Dentro do propio sistema galego moitos/as profesionais veñen demandando hai tempo unha organización máis eficiente baseada en plasmar a nivel operativo a confianza nos seus e súas profesionais. O concepto da atención primaria como “porta de entrada” do sistema sanitario está superado, e debe ser reformulado na concepción do conxunto do sistema. O aumento e a enorme prevalencia de patoloxías crónicas, combinado co elevado nivel da formación e a diversidade e especificidade dos e das profesionais (tanto as persoas presentes coma as persoas necesarias), permite afrontar eses problemas na atención primaria na súa gran maioría. Pero para elo débese expandir o modelo a un concepto multidisciplinar, coa participación de diversos e diversas profesionais en equipo e a multinivel que permitan optimizar o rendemento e a capacidade resolutive. De maneira organizativa, precisamos saír dunha atención excesivamente medico-centrista, que fai recaer no facultativo toda a carga de diagnóstico, trámite, xestión de caso, distribución e organización clínica. Debemos conquistar, de maneira real, que a persoa paciente sexa o eixo do sistema e pivotar todo en torno á persoa usuaria. Isto permitirá, en boa medida, camiñar cara un sistema máis áxil que permita desafogar as axendas saturadas e orientar o traballo de cada profesional ao seu propio labor. Máis alá disto, é imprescindible dotar de oportunidades aos e ás profesionais para que desenvolvan todas as súas potencialidades. Para este fin debe dedicarse o esforzo de consolidar a capacidade prescriptiva das profesionais de enfermería, así como habilitar todas as posibilidades diagnósticas ás persoas facultativas de primaria coa opción de solicitar probas e solicitar probas sen mediacións nin procedementos que resten autonomía.

A situación actual provoca saturacións no plano asistencial en atención primaria, aumentado pola lenta progresión na recuperación actual dos volumes de presenza que o sistema pode asumir como razoables e eficientes. Estas saturacións dificultan a capacidade resolutive da primaria e terminan por concluír en acumulacións de esperas en centros hospitalarios para ser atendidos/as por especialistas, demoras nas citas de atención primaria, e saturacións dos servizos de urxencias, tanto nos Puntos de Atención Continuada como nas urxencias hospitalarias, que desbordan a súa capacidade asistencia froito dun sistema que arrastra estes problemas. Este estrés sistémico vén facendo perder capacidade de resposta ante o e a usuaria do sistema, provocando unha perda de calidade que o noso sistema de saúde debe reconducir.

Con estes obxectivos preséntanse as modificacións legais nesta proposición que afrontan cambios en dúas leis autonómicas. Por un lado propónse a modificación



da Lei 12/2013, de 9 de decembro, de garantías e prestacións sanitarias, a través do que se pretende ampliar as garantías que se pretenden ofrecer en tempos de espera para a atención primaria, equiparando o obxectivo co xa recollido normativamente para a atención hospitalaria. Esta garantía existe ao determinar lexislativamente a necesidade de contar con baremos de referencia sobre o volume de consultas máximas dos e das profesionais, para encamiñar a vía de resolución ao dotar de máis tempo para dedicar ao traballo coas persoas usuarias do sistema, así como instrumentalizar esta garantía como sistema de avaliación das prioridades de reforzo de persoal. Ademais, preténdese dotar aos e ás profesionais facultativas de maiores ferramentas clínicas, coa vinculación explícita da rutineira renovación do catálogo diagnóstico de probas que se permitan solicitar dende atención primaria, retirando barreiras de limitacións e controis sobre as posibilidades que os facultativos/as de primaria teñen agora con respecto a outros niveis da Administración.

A presente proposta de modificación de lei formula tamén os cambios precisos na Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia orientados a establecer legalmente determinadas garantías laborais para os e as profesionais, o que garantirá máis estabilidade e mellores condicións para fortalecer a calidade asistencial, toda vez que aínda non está desenvolto por lei o Estatuto xurídico dos empregados ou das empregadas públicas de saúde, de acordo co recollido no artigo 109 desta propia norma o que, por tanto, provoca unha incerteza e desorganización preocupante. Ademais, esta modificación de lei tamén pretende dotar de maior relevancia na estrutura organizativa da Consellería de Sanidade á atención primaria, introducindo o concepto de equilibrio entre os distintos niveis asistenciais do sistema, que na actualidade reduce a presenza e impacto da atención primaria nos eixos de decisión. Esta dotación de relevancia contribuirá a aumentar o peso da atención primaria nos espazos de dirección, o que debe traducirse nunha mellor e máis reforzada calidade do sistema.

Artigo 1.- Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 12/2013, de 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias.



Un.- Engádesse un novo parágrafo no apartado 1º do artigo 5, coa seguinte redacción:

“d) As persoas pacientes que requiran atención sanitaria na rede de atención primaria terán garantida a dispoñibilidade desa atención no tempo máximo de 2 días.”

Dous.- Engádesse un novo parágrafo no apartado 4 do artigo 7, coa seguinte redacción:

“3bis. Este criterio non poderá ser aplicado sobre o tempo máximo de atención establecido para os servizos de atención primaria. A existencia de incumprimentos repetidos do artigo 5.1d nun mesmo centro de saúde motivará a súa condición de centro prioritario de reforzo de persoal, que o Servizo Galego de Saúde asumirá coa maior inmediatez.”

Tres.- Modifícase o punto 1 do artigo 14, quedando coa seguinte redacción:

“1. O Servizo Galego de Saúde establecerá, para os servizos de atención primaria, un número diario máximo de consultas e outros procesos asistenciais para cada profesional e categoría, e tomará as medidas necesarias de dotación de recursos humanos para garantir que se cumpran.”

Catro.- Engádesse un novo apartado no artigo 14 coa seguinte redacción:

“4. A consellería competente en materia de sanidade aprobará un catálogo de probas diagnósticas que poderán ser demandadas, sen solicitude intermedia doutros/as profesionais, por facultativos/as de atención primaria. Anualmente, a consellería competente en materia de sanidade revisará o catálogo para adecualo ás necesidades percibidas e en consonancia coas melloras tecnolóxicas e a eficiencia asistencial.”



Cinco.- Modifícase a disposición derradeira primeira, quedando coa seguinte redacción:

“Autorízase ao Consello da Xunta de Galicia para adaptar mediante decreto, por proposta da persoa titular da consellaría con competencias en materia de sanidade, os tempos máximos de acceso que se establecen no artigo 5 co fin de adecualos á realidade sanitaria de cada momento e ás necesidades das persoas usuarias, baixo circunstancias excepcionais e debidamente xustificadas.”

Artigo 2.- Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Un.- Modifícase o punto 3 do artigo 97 , quedando coa seguinte redacción:

“3. Estas fórmulas organizativas tenderán a superar a compartimentación existente, equilibrando a relación entre os distintos niveis asistenciais e ámbitos de especialización, garantindo tanto a visión do eido hospitalario como a de atención primaria nos equipos dos diferentes órganos de Dirección do Servizo Galego de Saúde.”

Dous.- Engádese un novo parágrafo no artigo 114, coa seguinte redacción:

“*2bis.* A consellería competente en materia de sanidade determinará, con criterios obxectivos e previamente definidos, o cadro necesario de persoal para os Puntos de Atención Continuada que garanta a prestacións das funcións que teñen atribuídas. A unidade asistencial conformarase polo equipo completo de persoal facultativo máis o persoal de enfermería.

Estes criterios obxectivos recollerán, cando menos, a poboación cuberta, a súa distribución por idades ou a distancia aos servizos de atención hospitalaria.”

Tres.- Engádese un novo parágrafo no artigo 115, coa seguinte redacción:



“2bis. A utilización da figura do contrato de persoal estatutario temporal realizarase co fin de garantir a prestación de servizos sanitarios en plena capacidade asistencial, sen exceder a súa utilización para outras funcións de carácter estrutural. En todo caso, procurarase acadar a maior estabilidade posible nos procedementos de contratación de persoal temporal no marco da normativa aplicable.

Disposición adicional única.- Entrada en vigor

A presente lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición transitoria primeira.-

A Xunta de Galicia desenvolverá regulamentariamente o establecido no artigo 1, apartado dous e no artigo 2, apartado un desta lei no prazo máximo de doce meses, co fin de garantir o seu cumprimento efectivo.

Disposición transitoria segunda.-

A Xunta de Galicia desenvolverá regulamentariamente o establecido no artigo 1, apartados un e tres desta lei no prazo máximo de seis meses, co fin de garantir o seu cumprimento efectivo.

Disposición derogatoria única.- Derogación normativa

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan no disposto nesta lei.



ANTECEDENTES

Estatuto de Autonomía de Galicia.

Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde.

Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica.

Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias.

Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde.

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2022

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/02/2022 10:19:15





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19808** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da reclamación formal ao Goberno español da transferencia da xestión do ingreso mínimo vital”**, (publicada no BOPG número 187 do 13 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O alcance de persoas beneficiarias do Ingreso Mínimo Vital (6% de persoas en risco de pobreza) evidencia a mala xestión que esta a realizar o Executivo central con esta prestación.

A Xunta de Galicia leva alertando, desde antes da posta en marcha desta axuda, de que este método é pouco eficiente e dificultoso para as persoas beneficiarias.

Por iso o Goberno galego segue reclamando que se lle conceda a xestión desta prestación, do mesmo xeito que se comprometeu co País Vasco e con Navarra.

Actualmente a Risga conserva o 70% dos perceptores que tiña antes da posta en marcha do IMV.

Para mellorar esta prestación autonómica e adaptala ao novo mapa de axudas, a Xunta está a tramitar unha nova Lei de inclusión social que permitirá a redución do tempo e do papelame na tramitación de axudas de inclusión; a compatibilización dos ingresos procedentes dun traballo cos dunha axuda;



A lei revisará a contía e condicións do complemento de vivenda de forma especial para familias con menores a cargo.

Nos orzamentos de 2022 garántese que todos as galegas e galegos que cumpran os requisitos necesarios para percibir a Risga, accedan a ela”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:10:18
Nº Rexistro: 28668
Data envío: 24/01/2022 11:10:18.028

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:10:15

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19809** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas por parte do Goberno galego para reducir as listaxes de espera nas axudas de dependencia e o tempo medio de tramitación dos expedientes”**, (publicada no BOPG número 187 do 13 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A atención as persoas en situación de dependencia é unha prioridade para o Goberno galego, que está a desenvolver un importante esforzo tanto no aumento do número de persoas en situación de dependencia atendidas coma na mellora da atención existente.

Neste sentido, co obxecto de reducir os tempos de espera e de atender a todo aquel que o necesita coa máxima axilidade, o Goberno galego está a traballar no Plan de Choque en Dependencia. Este plan que se implantará en Galicia vai supoñer a axilización e simplificación do sistema máis importante nos últimos quince anos.

Por outro lado, pese a que o Goberno do Estado está a incumprir sistematicamente a súa responsabilidade no financiamento da atención ás persoas en situación de dependencia, o Goberno galego asume a súa responsabilidade coas galegas e galegos.

Segundo os datos publicados por IMSERSO correspondentes a decembro do 2021 o número de persoas en situación de dependencia recoñecida atendidas se situou en



65.061 as cales perciben un total de 77.158 prestacións do sistema. As cifras de atención sitúanse en máximos históricos absolutos e supoñen un incremento neto de 2.517 persoas atendidas no último ano, 9.468 dende xaneiro de 2018. O número de prestacións efectivas se incrementou en 3.428 no último ano, 13.240 dende xaneiro de 2018. En conxunto, o número de persoas con dereito a prestación ascende a 69.079, polo que 4.018 persoas están pendentes de atención. A taxa de atención se situou nun 94,2%, cifra mais alta acadada na serie histórica”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:10:11
Nº Rexistro: 28667
Data envío: 24/01/2022 11:10:11.403

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:10:08

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19812** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da modificación do actual modelo de centros residenciais para persoas maiores co fin de garantir o dereito a unha vellez digna”**, (publicada no BOPG número 187 do 13 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia avanza cara un modelo residencial centrado na persoa, accesible e con maior intimidade. Un modelo residencial que se sustentará nunha maior integración da atención social e sanitaria.

Para iso, o pasado 21 de decembro do 2020 constituíuse o Comité Asesor Sociosanitario encargado de deseñar este novo modelo e que conta coa participación de todos os axentes implicados:

Familiares de usuarios, médicos, profesionais de residencias e directivos do sector dos coidados.

Un modelo que cambiará para sempre o concepto actual das residencias para conseguir que os usuarios sintan o centro como a súa casa, sen interferir na súa vida diaria.

Para iso organizaranse unidades de convivencia máis reducidas, para incrementar a atención proactiva e personalizada. E aproveitarase a potencialidade das novas tecnoloxías para mellorar a calidade asistencial e o benestar dos usuarios, dentro dun envellecemento activo e saudable.

Un modelo que se perpetuará no tempo, baseado no aprendido durante a pandemia. Por iso, a súa implantación debe ser progresiva e a dúas velocidades: con medidas que se poidan



facer de xeito case inmediato e outras que necesitarán unha implantación no tempo.

Para poder levar a cabo isto é fundamental a modificación da normativa; unha maior integración das residencias coa atención médica primaria e hospitalaria; así como a investigación, innovación e formación continuadas.

Nesta liña, o pasado mes de outubro o Goberno galego puxo en marcha o primeiro living lab sociosanitario na residencia de maiores da Estrada, un entorno experimental que permite a cocreación de innovación impulsada polos usuarios e profesionais, e que desenvolve solucións tecnolóxicas para integralas no novo modelo de coidados.

Ademais, cos fondos europeos vertebrados no Plan de Recuperación, construiremos en Ribeira a primeira residencia pública do novo modelo de coidados sociosanitarios que dará cobertura a toda a comarca barbazana”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:10:04
Nº Rexistro: 28666
Data envío: 24/01/2022 11:10:04.216

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:10:01

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19820** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a avaliación por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da aplicación do Plan LÍA (lectura, información e aprendizaxe) 2016-2020 de bibliotecas escolares”**, (publicada no BOPG número 187 do 13 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 18932 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 23-24/11/2022; á que nos remitimos porque serviu para lembrar o traballo, a innovación educativa e funcionando das bibliotecas escolares en Galicia como espazos para a aprendizaxe, a exploración, a experimentación ou a creatividade. Son frecuentes os galardóns estatais ao seu traballo e, mesmo, son un exemplo de calidade e bo facer a nivel mundial como demostra o nomeamento da Rede de Bibliotecas de Galicia ao Premio Internacional Astrid Lindgren memorial Award 2022, un dos recoñecementos máis valorados no mundo do libro infantil e xuvenil.

Ademais, hai que lembrar que as políticas públicas a prol das bibliotecas escolares en Galicia están organizadas a partir do denominado Plan LÍA (de Lectura, Información e Aprendizaxe) que dota a estes espazos dos medios necesarios para convertelos en: laboratorios creativos de aprendizaxe e en lugares para a exploración, a experimentación, a creatividade, o traballo colaborativo, a inclusión e a construción compartida de coñecemento.

Galicia definiu e executou unha folla de ruta de éxito para o desenvolvemento de programas e actuacións vinculadas ás Bibliotecas Escolares e ao Fomento da Lectura. Fíxoo a través do



primeiro Plan LÍA executado no período 2010-2015 e que, posteriormente, tivo continuidade co segundo Plan LÍA 2016-2020.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade fai unha avaliación positiva da implantación e execución destes dous plans e está dedicada ao desenvolvemento de novas medidas a prol das bibliotecas escolares que signifiquen dar continuidade e complementar ata 2025 o traballo feito ata agora”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:57:25
Nº Rexistro: 29327
Data envío: 28/01/2022 11:57:25.948

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:57:23

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19845** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Luís Bará Torres, sobre **“a necesidade de reformular o Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025”**, (publicada no BOPG número 187 do 13 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A folla de ruta marcada pola Xunta co Pacto Social pola Vivenda 2021-2025 está consensuada co sector e cos consumidores, dentro do Observatorio Galego de Vivenda. O obxectivo do pacto é mobilizar máis de 1.080 millóns de euros e chegar a 70.000 familias.

Este pacto conta con 4 liñas estratéxicas e con preto de medio cento de accións que combinan medidas implantadas con 12 iniciativas novidasas. Prevese un investimento directo duns 433 millóns, unha inxección de recursos dirixida a particulares e empresas coa que se mobilizarán 1.083 millóns de euros entre fondos públicos e privados”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:57:14
Nº Rexistro: 29326
Data envío: 28/01/2022 11:57:14.699

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:57:11

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19891** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María González Albert e don Luís Bará Torres, sobre **“as previsións da Consellería de Medio Ambiente para poñer en marcha un plan específico de contención e redución da poboación de visón americano”**, (publicada no BOPG número 187 do 13 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“En relación ao visón americano, existe información sobre á distribución aproximada desta especie en Galicia, baseada tanto en capturas como en observacións directas dos exemplares ou os seus indicios.

A Xunta de Galicia vén desenvolvendo actuacións de prevención, control e erradicación de especies invasoras, contando cunha proposta técnica e unha análise de riscos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:57:02
Nº Rexistro: 29325
Data envío: 28/01/2022 11:57:02.886

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:57:00

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19913**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **“as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da reactivación do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia e do fomento do asociacionismo e da participación xuvenil”**, (publicada no BOPG número 187 do 13 de agosto de 2021), convertida en pregunta cas previsións da Xunta de Galicia respecto da creación dun centro de día público no concello de Vilalbaon resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Lei 6/2012 do 19 de xuño, primeira Lei de xuventude de Galicia, supuxo un cambio de modelo no que se refire ao órgano de representación do tecido asociativo xuvenil galego cara un verdadeiro sistema de representación da mocidade, coa extinción do Consello da Xuventude de Galicia e a creación dun novo órgano independente aberto a todas as asociacións xuvenís e con funcións asesoras e consultivas. O novo modelo, como xa se ten explicado en numerosas ocasións, xurdiu como resposta á situación de incumprimento reiterado das súas funcións por parte do anterior órgano.

Cómpre destacar tamén que a Lei reforza a participación xuvenil, colocándoa como sector básico da transversalidade xunto coa educación, o emprego, a vivenda ou o voluntariado, entre outros. Esta participación na sociedade pode estruturarse a nivel individual como a través de fórmulas asociativas ou mediante grupos informais e por iso, a maiores de posibles órganos colexiados como poden ser os consellos locais de xuventude (previstos na citada lei), desde a Xunta de Galicia foméntase de xeito decisivo a participación da mocidade galega a través das asociacións xuvenís e as súas federacións, das seccións xuvenís de asociacións non xuvenís ou mediante as novas fórmulas de asociacionismo xuvenil sen personalidade xurídica. Unha das ferramentas cuxo principal obxectivo é favorecer o asociacionismo e participación xuvenil é a liña de axudas anuais de Iniciativa Xove.

A maiores, e co fin de poder dar unha resposta axustada ás demandas e necesidades da mocidade galega de xeito continuo, a propia Dirección xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da



Consellería de Política Social ten elaborado informes de seguimento sobre os diferentes plans estratéxicos, sobre os procesos participativos abertos en cada momento sobre cuestións que afectan á mocidade así como realización de análises e novas propostas para fomentar o emprego xuvenil, a emancipación e mellorar as oportunidades da xente moza. Con este fin nacerá tamén a futura oficina virtual de asesoramento e orientación xuvenil, que se poñerá en marcha nos próximos meses”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:09:56
Nº Rexistro: 28665
Data envío: 24/01/2022 11:09:56.888

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:09:54

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19926** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto do apoio institucional e sanitario prestado ás familias afectadas polo gromo de covid-19 rexistrado no Punto de Atención á Infancia de Sober”**, (publicada no BOPG número 187 do 13 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“No caso do Punto de Atención á Infancia de Sober, trátase dun centro de titularidade municipal.

Por ser un PAI trátase dun centro cunha única unidade autorizada, polo que o confinamento dunha aula provoca o peche total do centro.

Con referencia aos casos covid-19, a Consellería de Política Social:

Aprobou en agosto dun protocolo anticovid para todas as escolas infantís de Galicia, avalado polo Comité Clínico. A súa aplicación neste curso foi moi satisfactoria e demóstrase no feito de que o número de centros de educación infantil 0-3 abertos desde setembro nunca baixou do 98%;

E comunicou aos medios de comunicación os datos COVID que nos transmiten os centros.



No caso do PAI de Sober foi un erro do propio centro por non transmitir estes datos á Consellería de Política Social. Con todo, esta comunicación é independente da xestión sanitaria de calquera caso positivo que realiza a Consellería de Sanidade.

A día de hoxe, a práctica totalidade dos centros de educación 0-3 en Galicia permanecen abertos, o que facilita a conciliación a nais e pais durante todo o curso escolar”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:09:50
Nº Rexistro: 28664
Data envío: 24/01/2022 11:09:50.200

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:09:47

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19935** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **“as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da situación laboral das traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar no concello de Chantada”**, (publicada no BOPG número 187 do 13 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) é fundamental para que as persoas maiores que deciden permanecer nos seus domicilios poidan contar cunha atención profesional de calidade, ademais de facilitar a conciliación persoal e laboral das súas familias.

O SAF é un eixo estratéxico nas políticas sociais da Xunta. Trátase dun servizo esencial que o Goberno galego reforza cada ano, aumentando os orzamentos que se destinan a tal fin para poder asignar cada vez máis horas, conforme ao incremento da súa demanda.

Aínda que o SAF é financiado na súa maior parte polo Goberno autonómico, a súa xestión corresponde aos concellos. Neste caso, o titular do servizo é o concello de Chantada e, en consecuencia, esta entidade local é a responsable da súa xestión.

A normativa vixente faculta aos concellos a externalizar este servizo conforme á normativa reguladora dos contratos do sector público. Dita externalización non debe supoñer a perda de calidade na prestación do citado servizo. Polo tanto, ao concello de Chantada correspóndelle velar para que se cumpran as condicións recollidas no contrato celebrado coa empresa.

No que respecta aos incrementos dos cadros de persoal, estes están motivados pola demanda do servizo por parte da cidadanía. Os cambios do persoal coidador non teñen porque influír ou afectar na calidade do servizo prestado, que en todo caso é supervisado e coordinado por persoal técnico.

O concello debe garantir a prestación do servizo nos domicilios das persoas beneficiarias, e adaptar o perfil profesional de cada unha das auxiliares encargadas desta axuda ás necesidades



e circunstancias de cada persoa usuaria. Neste sentido, o persoal contratado ten que posuír a cualificación profesional establecida na normativa reguladora.

O Goberno da Xunta a través da Consellería de Política Social fai un seguimento continuo de todos os centros e programas de servizos sociais a través das correspondentes inspeccións, co obxecto de controlar o cumprimento dos requisitos legalmente esixibles e a calidade asistencial procurando a mellora continua no desenvolvemento dos servizos que se prestan na Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola súa banda, a vixilancia do cumprimento da normativa laboral, como en calquera outro sector, é competencia da Inspección de Traballo, dependente da Vicepresidencia Terceira e Ministerio de Traballo e Economía Social do Goberno Central”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:09:43
Nº Rexistro: 28663
Data envío: 24/01/2022 11:09:43.826

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:09:41

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19992** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para aprobar o decreto que regula e acredita a condición de familia monoparental”**, (publicada no BOPG número 189 do 18 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Comunidade Autónoma de Galicia abordou por primeira vez a regulación das familias monoparentais no capítulo II da Lei 3/2011 do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. Este capítulo engloba aqueles grupos de familias, entre as que se atopan as familias monoparentais, que polas súas condicións especiais requiren un tratamento máis favorable e unha especial consideración por parte dos poderes públicos.

O artigo 13 da dita norma, que recolle o concepto de familia monoparental, foi obxecto de modificación pola Disposición Derradeira Terceira da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, no que se revisa o concepto de familia monoparental para adaptalo á realidade social actual das familias. Ademais, a lei 5/2021, do 2 de febreiro, contempla a especial consideración das familias monoparentais coa aprobación dun plan de apoio e co mandato de creación do Rexistro de Familias monoparentais.

Porén, é necesario desenvolver aspectos da normativa en relación coa regulación das familias monoparentais dado que a regulación actual non detalla os requisitos e medios de acreditación necesarios para o recoñecemento en cada caso da condición de familia monoparental e o procedemento de emisión e expedición dos certificados de familia monoparental. A maior abundamento, a nova regulación permitirá regular a creación do



registro de familias monoparentais, desenvolvendo a súa organización e xestión.

É dicir, a Xunta de Galicia está a aproveitar a tramitación do decreto que permitirá a creación do Rexistro de Familias Monoparentais para abordar tamén a regulación completa da condición de familia monoparental, na mesma liña que están a facer outras comunidades autónomas.

O desenvolvemento desta regulación posibilitará que se clarifique e desenvolva a normativa reguladora da condición de familia monoparental, permitindo que as familias poidan acceder ao recoñecemento da condición de familias monoparental e ser inscritas no rexistro creado pola norma, o que lles permitirá beneficiarse da acción protectora prevista para estas unidades familiares.

Neste sentido, a regulación da condición de familia monoparental (desenvolvemento do concepto de familia monoparental, requisitos de acceso, tipos de familia monoparental, límites de idade, documentación acreditativa, etc) ten o obxectivo de xerar seguridade xurídica e establecer un procedemento específico que unifique o acceso aos posibles beneficios que neste ámbito vaian xerando as distintas Administracións Públicas, incluídos aqueles que xa se están a aplicar na actualidade.

Para realizar todo isto, a Xunta de Galicia completou xa un proceso de consulta pública previa para a aprobación do futuro decreto que regulará o rexistro de familias monoparentais e o seu acceso.

Sobre isto, desde a Consellería de Política Social téñense realizado nos últimos meses contactos coas distintas organizacións de familias monoparentais para fomentar a súa participación neste proceso, e froito deste traballo téñense recibido medio cento de achegas.

Agora, a Consellería de Política Social está a traballar na elaboración do borrador de decreto, que tamén será sometido a información pública para coñecer a opinión da sociedade galega e como paso previo á súa posterior aprobación.



En todo caso, o obxectivo da Consellería de Política Social é acadar o maior consenso posible na súa tramitación, de xeito que o novo decreto sexa unha ferramenta útil para mellorar a vida das familias monoparentais e, por extensión, de toda a sociedade galega”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:09:30
Nº Rexistro: 28661
Data envío: 24/01/2022 11:09:30.357

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:09:27

CSV: BOPGDSPG-GSOijH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 20011** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Consellería de Política Social para que as familias monoparentais e monomarentais avances en dereitos e recursos”**, (publicada no BOPG número 191 do 25 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Comunidade Autónoma de Galicia abordou por primeira vez a regulación das familias monoparentais no capítulo II da Lei 3/2011 do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. Este capítulo engloba aqueles grupos de familias, entre as que se atopan as familias monoparentais, que polas súas condicións especiais requiren un tratamento máis favorable e unha especial consideración por parte dos poderes públicos.

O artigo 13 da dita norma, que recolle o concepto de familia monoparental, foi obxecto de modificación pola Disposición Derradeira Terceira da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, no que se revisa o concepto de familia monoparental para adaptalo á realidade social actual das familias. Ademais, a lei 5/2021, do 2 de febreiro, contempla a especial consideración das familias monoparentais coa aprobación dun plan de apoio e co mandato de creación do Rexistro de Familias monoparentais.

Porén, é necesario desenvolver aspectos da normativa en relación coa regulación das familias monoparentais dado que a regulación actual non detalla os requisitos e medios de acreditación necesarios para o recoñecemento en cada caso da condición de familia monoparental e o procedemento de emisión e expedición dos certificados de familia monoparental. A maior abundamento, a nova regulación permitirá regular a creación do rexistro de familias monoparentais, desenvolvendo a súa organización e xestión.



É dicir, a Xunta de Galicia está a aproveitar a tramitación do decreto que permitirá a creación do Rexistro de Familias Monoparentais para abordar tamén a regulación completa da condición de familia monoparental, na mesma liña que están a facer outras comunidades autónomas.

O desenvolvemento desta regulación posibilitará que se clarifique e desenvolva a normativa reguladora da condición de familia monoparental, permitindo que as familias poidan acceder ao recoñecemento da condición de familias monoparental e ser inscritas no rexistro creado pola norma, o que lles permitirá beneficiarse da acción protectora prevista para estas unidades familiares.

Neste sentido, a regulación da condición de familia monoparental (desenvolvemento do concepto de familia monoparental, requisitos de acceso, tipos de familia monoparental, límites de idade, documentación acreditativa, etc) ten o obxectivo de xerar seguridade xurídica e establecer un procedemento específico que unifique o acceso aos posibles beneficios que neste ámbito vaian xerando as distintas Administracións Públicas, incluídos aqueles que xa se están a aplicar na actualidade.

Para realizar todo isto, a Xunta de Galicia completou xa un proceso de consulta pública previa para a aprobación do futuro decreto que regulará o rexistro de familias monoparentais e o seu acceso.

Sobre isto, desde a Consellería de Política Social téñense realizado nos últimos meses contactos coas distintas organizacións de familias monoparentais para fomentar a súa participación neste proceso, e froito deste traballo téñense recibido medio cento de achegas.

Agora, a Consellería de Política Social está a traballar na elaboración do borrador de decreto, que tamén será sometido a información pública para coñecer a opinión da sociedade galega e como paso previo á súa posterior aprobación.

En todo caso, o obxectivo da Consellería de Política Social é acadar o maior consenso posible



na súa tramitación, de xeito que o novo decreto sexa unha ferramenta útil para mellorar a vida das familias monoparentais e, por extensión, de toda a sociedade galega”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 12:42:20
Nº Rexistro: 28750
Data envío: 24/01/2022 12:42:20.891

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 12:42:18

CSV: BOPGDSPG-GSOijH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 20017** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as actuacións levadas a cabo pola Consellería de Política Social respecto da coordinación dun itinerario específico para o colectivo de servizo de axuda no fogar”**, (publicada no BOPG número 191 do 25 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo de Axuda no Fogar é un servizo moi demandado na atención á dependencia que proporciona os servizos profesionais axeitados para o coidado da persoa en situación de dependencia ao tempo que posibilita a súa permanencia no seu entorno familiar. Un servizo que foi reforzado ao longo dos anos. Deste xeito, a Xunta de Galicia incrementou de maneira moi importante, e en distintas ocasións, o número máximo de horas dispoñibles para o seu financiamento aos distintos concellos de Galicia, titulares do servizo. Ao detectarse certas dificultades por parte dos concellos para o incremento do servizo, sexa por prestación directa ou a través de licitación do servizo nun contexto de custos crecentes, a Xunta de Galicia asinou un importante acordo coa FEGAMP co que, entre outras medidas, se acordou o incremento da achega autonómica ao Servizo de Axuda no Fogar. En base a este acordo, a contía que achega a Xunta a este servizo subirá un 24% ao longo desta legislatura pasando dos 9,7 euros/hora actuais aos 12 euros/hora no ano 2024. Aínda que o SAF é financiado na súa maior parte polo Goberno autonómico, a súa xestión é municipal”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 28845
Data envío: 24/01/2022 14:07:25.261

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 14:07:22

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 20063** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a información obtida pola Xunta de Galicia das auditorías realizadas nas residencias de maiores”**, (publicada no BOPG número 191 do 25 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Ao abeiro do Programa intensivo de auditorías en residencias, no ano 2020 se realizaron preto de 300 visitas para avaliar o cumprimento de protocolos e medidas fronte á covid-19.

As auditorías leváronse a cabo entre os meses de novembro e decembro, e foron efectuadas por técnicos superiores de prevención de riscos laborais. O plan procuraba supervisar o grao de implantación das medidas de seguridade, así como a súa actualización.

Para iso, realizáronse visitas e tamén se achegaron cuestionarios para avaliar a preparación do persoal encargado. Ademais, cando se detectou que algunha residencia necesitaba apoio, se desprazaron técnicos da Consellería de Política Social para implantar melloras naqueles eidos nos que fosen necesarios.

O programa tivo unha duración de aproximadamente un mes e foi complementario ás inspeccións sociais e sanitarias conxuntas que se fan de xeito ordinario.

No ano 2020 se realizaron dentro do Plan de Inspeccións máis de 1.132 comprobacións nos centros de servizos sociais, das que ao redor de 360 se levaron a cabo en residencias de



maiores e persoas con discapacidade. Para o 2021 o obxectivo é continuar mellorando e superar as 1.500 inspeccións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 29087
Data envío: 27/01/2022 08:12:49.931

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/01/2022 8:12:47

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 20117** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas pola Xunta de Galicia para mellorar a resposta e os protocolos ante casos de gromos de Covid-19 como o acontecido no Centro de Atención a Persoas con Discapacidade de Redondela”**, (publicada no BOPG número 191 do 25 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os protocolos elaborados conxuntamente polas Consellerías de Sanidade e Política Social, establecen unha serie de medidas preventivas para minimizar a transmisión da covid-19 dentro dos centros residenciais. En función da situación específica do centro afectado, estas medidas pódense modular adaptándoas tanto á situación epidemiolóxica do centro, ao estado de inmunidade dos usuarios e traballadores, así como ao risco inherente da persoa. Buscando un equilibrio entre a maior protección e seguridade dos mesmos e a menor interferencia posible no seu benestar e modo de vida. Tendo en conta o número de centros residenciais e o número de usuarios existentes na nosa Comunidade, a aparición dun brote non debe cuestionar a idoneidade dos protocolos sobre o total, onde o resultado está sendo eficaz.

A información dos casos producidos así como a adopción do reforzo das medidas de control e cribado foron transmitidas puntualmente tanto ao persoal do centro, familiares e opinión pública”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 29085
Data envío: 27/01/2022 08:12:26.837

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/01/2022 8:12:24

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 20126** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas de detección e prevención da covid-19 que mantén en vigor a Xunta de Galicia nas residencias de maiores”**, (publicada no BOPG número 191 do 25 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“As medidas de detección e prevención da Covid-19 que mantén en vigor a Xunta de Galicia nas residencias de maiores, aparecen recollidas no protocolo conxunto das Consellerías de Sanidade e Política Social do 9 de agosto do 2021.

Galicia realiza cribados periódicos en todos os centros de maiores, o que permite identificar canto antes a existencia dalgún contaxio. Tamén se levan a cabo probas diagnósticas ás persoas que ingresan nas residencias para descartar contaxios.

Ademais, a Xunta de Galicia realiza cribados semanais a todos os profesionais aos que se lles achega continuamente test de antíxenos para que poidan facer probas de forma inmediata ante calquera sospeita. Por outro lado, nos centros onde se produciu algún brote a maioría dous casos foron asintomáticos, e os mais graves tiveron mais relación coa súa fraxilidade por contar con patoloxías previas, que pola propia infección”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:09:16
Nº Rexistro: 28659
Data envío: 24/01/2022 11:09:16.717

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:09:14

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 20131** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as reflexións do Goberno galego respecto dos datos de falecementos nas residencias de maiores públicas”**, (publicada no BOPG número 191 do 25 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Política Social resolveu conceder o acceso á información pública nas que se solicitaba coñecer o número de persoas falecidas nas residencias de persoas maiores de Galicia por mor da pandemia do coronavirus.

De acordo coa normativa aplicable, esta resolución foi notificada ás persoas solicitantes e ás entidades interesadas. Dentro do prazo regulamentariamente establecido, varias destas entidades presentaron recurso fronte a devandita resolución ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O artigo 22.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sinala que ‘Se existiu oposición de terceiro, o acceso só terá lugar cando, concedéndose devandito acceso, transcorrese o prazo para interpoñer recurso contencioso administrativo sen que se formalizara ou fose resolto confirmando o dereito a recibir a información’.

Polo exposto, e segundo o disposto na devandita norma, o acceso á información



solicitada producirase unha vez sexa resolto o recurso contencioso administrativo, en caso de confirmarse o dereito a recibir a información”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 29083
Data envío: 27/01/2022 08:12:03.587

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/01/2022 8:12:01

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 20145** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a interrupción do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable no concello da Mercas”**, (publicada no BOPG número 191 do 25 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A normativa básica en materia de réxime local, Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e a normativa sectorial en materia de augas, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia atribúen aos concellos a competencia exclusiva en materia de abastecemento e saneamento dos seus sistemas municipais. Outórgalles as atribucións en materia de subministro de auga, sumidoiros e tratamento de augas residuais, e establece tamén esta normativa, como servizos que todo concello debe prestar, por si mesmo ou asociado, entre outros, o de abastecemento domiciliario de auga potable e sumidoiros. A prestación do servizo de abastecemento de auga de A Merca é, en consecuencia, responsabilidade do Concello.

Sobre o canon da auga, indicar que é un canon ambiental que se cobra por detraer auga do medio e que se reinveste no propio medio para paliar as afeccións que causa esa detraición. Ven regulado na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia, que establece no seu artigo 44 a afección do importe recadado por este imposto aos programas de gasto que este mesmo precepto recolle.

Este imposto, por lei, ten que ser destinado, en todo caso, á protección, restauración e mellora do medio acuático, á colaboración coas administracións competentes para a acadar uns servizos eficientes de subministro e saneamento e á obtención da solidariedade interterritorial.



É un imposto que reverte e beneficia aos concellos. Os ingresos recadados do canon da auga destínanse a garantir a xestión administrativa de toda a Demarcación Galicia Costa e a realizar un importante investimento en infraestruturas hídricas, tanto propias como executadas por outras administración coas que Augas de Galicia comparte cofinanciamento.

Dentro das súas competencias, a Xunta mantén unha importante colaboración cos concellos. Nos últimos anos tense investido moito para dotar aos concellos das infraestruturas necesarias para a prestación dos servizos de abastecemento e depuración de auga”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:56:51
Nº Rexistro: 29324
Data envío: 28/01/2022 11:56:51.324

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:56:48

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 20147** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os recursos de que dispón o servizo de inspección de servizos sociais para cumprir eficazmente os fins legalmente conferidos”**, (publicada no BOPG número 191 do 25 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A inspección de servizos sociais regúlase na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e na normativa de desenvolvemento.

Na relación de postos de traballo da Consellería de Política Social concréntanse e asígnanse os postos para realizar esta función. Na actualidade a Subdirección de Autorización e Inspección de Servizos Sociais da Consellería de Política Social conta con 29 profesionais, ademais do apoio de persoal nas catro xefaturas territoriais correspondentes para instruír os expedientes sancionadores.

Ademais destes 29 profesionais a Consellería de Política Social contratou nesta anualidade persoal interino de apoio para a tramitación de expedientes sancionadores e levou a cabo unha nova edición do curso de capacitación para o posto de inspector/a de servizos sociais en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública, que habilita para o desenvolvemento da función inspectora, co obxecto de contar cunha bolsa de contratacións para cubrir posibles postos vacantes.

A asignación das visitas de inspección non é provincial, senón que é de carácter autonómico polo que todo o persoal de inspección desenvolve a súa labor no total do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia segundo as necesidades existentes.

No que respecta ás funcións da inspección de servizos sociais, están definidas no artigo 73 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.



O persoal de inspección realiza a súa labor de oficio ou por mor de denuncia en todos os centros prestadores de servizos sociais de Galicia e as inspeccións teñen o mesmo obxecto para cada tipo de centro e área con independencia do seu carácter público ou privado.

Todas as situacións irregulares detectadas de oficio, denunciadas por particulares ou por asociacións, son debidamente investigadas polos servizos de inspección e así mesmo son adoptadas as medidas que en cada caso corresponden.

Ademais anualmente lévanse a cabo as actuacións derivadas do plan de inspección correspondente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 29082
Data envío: 27/01/2022 08:11:47.451

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/01/2022 8:11:44

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 20155** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a existencia de incumprimentos en materia de ratio de persoal, de atención directa ou de aplicación de medidas de suxeición nas residencias de maiores Nosa Señora da Esperanza, no concello de Ourense; Os Gozos, no concello de Pereiro de Aguiar; e Nosa Señora do Viso, no concello de Lobeira”**, (publicada no BOPG número 191 do 25 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Política Social, Dna. María Francisca Gómez Santos, compareceu o pasado día 18 de febreiro na Comisión 5ª, para dar resposta á pregunta oral presentada polo grupo parlamentario BNG e con número de rexistro 7460, Sobre a apertura de expedientes a residencias de maiores e os incumprimentos que os motivaron.

Na súa comparecencia informou que a petición presentaba unha complexidade legal porque ditos expedientes inclúen, con frecuencia, datos persoais das persoas usuarias dependentes que residen nos centros que identificaban.

É innegable o dereito que teñen os deputados e deputadas do Parlamento de Galicia de coñecer os datos que constan en poder da Inspección de Servizos Sociais e de calquera servizo da Consellería de Política Social. Se ben, este mesmo dereito debe ponderarse co respecto aos dereitos das persoas usuarias á protección dos seus datos persoais recollidos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que atinxe ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo a normativa en materia de transparencia, Lei 19/2013, do 9 de decembro, e Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, tamén establece limitacións de cara a evitar os prexuízos, entre outros, na investigación e sanción



de ilícitos administrativos.

Deste xeito, aos representantes do devandito grupo parlamentario ofrecéuselle a posibilidade de dar vista aos expedientes e ás inspeccións realizadas pola consellería de Política Social nas residencias Nosa Señora da Esperanza en Ourense, Nosa Señora dos Miragres en Barbadás, Os Gozos en Pereiro de Aguiar e na residencia Nosa Señora do Viso en Lobeira nos anos 2017, 2018 e 2019, nas dependencias da Inspección de Servizos Sociais, no día e na hora que indicaran e segundo mellor se axustara as súas axendas.

Deste xeito, o pasado día 1 de marzo os deputados do BNG, Dna Olalla Rodil e Don Iago Tabares tiveron acceso a dita documentación garantindo a seguridade e confidencialidade da información.

Todos os centros, servizos e programas de servizos sociais de Galicia son obxecto de inspección para garantir que cumpren coa normativa aplicable e garanten unha atención de calidade ás persoas usuarias.

No que respecta aos incumprimentos, cando se detecta unha infracción, sexa como consecuencia da existencia de denuncia ou por unha inspección ordinaria, imponse a correspondente sanción e a persistencia nel é relativamente baixa, xa que o centro arríscase a unha nova sanción”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 29081
Data envío: 27/01/2022 08:11:35.380

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/01/2022 8:11:33

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 20758** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación dos menores tutelados no centro Santo Anxo de Rábade”**, (publicada no BOPG número 196 do 8 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia está aberta permanentemente ao diálogo e ao entendemento co persoal do centro Santo Anxo de Rábade. Proba disto é que, ao contrario do que se expón de xeito erróneo nesta pregunta escrita, representantes da Xunta de Galicia teñen mantido contactos presenciais co persoal do centro en cinco ocasións -catro delas no propio centro- nos últimos meses. Pese á situación de pandemia, a Consellería de Política Social mantivo e seguirá mantendo contacto co persoal do centro Santo Anxo de Rábade co obxectivo de seguir mellorando o funcionamento do centro. Neste sentido, na reunión mantida a principios do pasado mes de maio entre o director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica e a secretaria xeral técnica da Consellería de Política Social con representantes do colectivo de educadores do centro Santo Anxo, tratáronse cuestións relativas ao seu funcionamento cun talante moi positivo por parte de todas as persoas presentes.

Posteriormente, nos meses de xuño e de setembro realizáronse senllas visitas ao centro por parte de representantes da Consellería de Política Social, na que se mantiveron contactos co comité de empresa, coa dirección e con traballadores do centro.

Todas as persoas implicadas no funcionamento deste centro comparten o interese por garantir o seu bo funcionamento e, sobre todo, o cumprimento da súa finalidade, que é a protección integral dos mozos e mozas que residen nel. Por suposto, esta finalidade debe desenvolverse coa garantía plena, ao mesmo tempo, de asegurar as mellores condicións dos traballadores no desempeño do seu posto de traballo.

Sobre isto, nas distintas xuntanzas trasladouse aos traballadores que nos últimos meses, e



dentro da competencia da Entidade Pública, para a designación do centro de protección máis adecuado para cada neno, nena ou adolescente, estase realizando unha análise máis detallada dos perfís dos mozos e mozas propostos polos correspondentes equipos técnicos para asegurar que o centro Santo Anxo de Rábade sexa o centro idóneo para desenvolver un traballo integral cos menores que garanta a súa protección e a cobertura de todas as súas necesidades. Froito destes encontros cos traballadores, tamén se están actualizando protocolos e regulamentos internos co fin de dotarlles aos educadores de ferramentas adecuadas para o desenvolvemento das súas funcións, dentro das limitacións que establece a normativa para este tipo de centros. Tamén se están planificando programas de formación específicos que se impartirán no propio centro para facilitar a asistencia e implicación de todo o persoal.

Completan todas estas actuacións os contactos que se están realizando coas autoridades sanitarias para desenvolver proxectos de colaboración e coordinación que realicen unha intervención específica neste centro que axude ao persoal a abordar con seguridade e éxito cada un dos menores derivados a Santo Anxo. En todo caso, convén aclarar que é erróneo que o centro non estea a admitir novos ingresos, como se formula na pregunta.

En canto ás saídas do centro para o cumprimento de medidas xudiciais, desde o ano 2016 ingresaron no centro Santo Anxo de Rábade 195 mozos e mozas, e a inmensa maioría deles - o 85%- non precisaron ser derivados a un centro de reforma para o cumprimento de medidas xudiciais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 28843
Data envío: 24/01/2022 14:07:12.012

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 14:07:08

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 20776**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o baleirado dos encoros da Demarcación Hidrográfica Miño-Sil”**, (publicada no BOPG número 196 do 8 de setembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 7ª do pasado 17 de setembro de 2021 pola secretaria xeral técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en resposta á pregunta oral 20775.

Na súa intervención, a secretaria xeral respondeu sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta ante o baleirado de encoros da Confederación Hidrográfica Miño Sil acontecido no verán.

Enlace ao vídeo da Comisión 7ª celebrada o pasado 17 de setembro de 2021:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDAwNjlkZmltZGM5ZS00MWM2LWExNzktNmQxZThiZTZQzZjJk&start=129>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:56:26
Nº Rexistro: 29322
Data envío: 28/01/2022 11:56:26.137

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:56:23

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 20847** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **“o aumento de persoal nos equipos de valoración da dependencia”**, (publicada no BOPG número 196 do 8 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Compre aclarar que o procedemento de valoración da situación de dependencia non se deixou de facer nunca de xeito presencial máis aló do período de confinamento domiciliario e suspensión dos prazos administrativos derivados da declaración do Estado de Alarma e Emerxencia Sanitaria por causa da COVID-19. A partir do 1 de xuño de 2020 as valoracións se retomaron con normalidade seguindo as directrices establecidas polo Ministerio de Derechos Sociais y Agenda 2030.

Cabe salientar que segundo datos publicados polo IMSERSO correspondentes á situación do SAAD a 31 de decembro de 2021, Galicia acada os 65.061 beneficiarios, máximo histórico dende a aprobación da lei de dependencia, presentando unha ratio de atención do 94,2%

Por outro lado, no marco do ‘Plan de Choque da Dependencia’ centrado na simplificación administrativa, a Consellería de Política Social vai poñer en marcha novos equipos de valoración que permitirán reducir os tempos de espera na valoración da dependencia.



Finalmente, dende abril de 2019 a Xunta de Galicia estableceu un complemento autonómico con cargo aos orzamentos xerais da comunidade autónoma para incrementar a contía dos bonos para coidados na contorna familiar, os bonos vinculados ao servizo de atención residencial e os bonos de asistente persoal”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 28841
Data envío: 24/01/2022 14:06:56.184

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 14:06:53

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 20944**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a actuación da Xunta de Galicia ante o baleirado dos encoros do Cenza e das Portas, na provincia de Ourense”**, (publicada no BOPG número 196 do 8 de setembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión do Pleno do pasado 15 de setembro de 2021 pola Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en resposta á pregunta oral 21077.

Na súa intervención, a conselleira respondeu sobre o expediente sancionador aberto pola Xunta de Galicia e polas actuacións levadas a cabo en relación ao baleirado de encoros.

Enlace ao vídeo do Pleno celebrado o pasado 15 de setembro de 2021:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NGEwMGZhMmEtOWI4MS00Nzc3LTg5YTMtMzU0OWRhZTA0YmJj&start=10178>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:55:51
Nº Rexistro: 29319
Data envío: 28/01/2022 11:55:51.606

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:55:49

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 21245** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a actualización, por parte da Administración autonómica, da súa aportación ao servizo de axuda no fogar”**, (publicada no BOPG número 198 do 15 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo de Axuda no Fogar é un servizo moi demandado na atención á dependencia que proporciona os servizos profesionais axeitados para o coidado da persoa en situación de dependencia ao tempo que posibilita a súa permanencia no seu entorno familiar. Un servizo que foi reforzado ao longo dos anos.

Deste xeito, a Xunta de Galicia incrementou de maneira moi importante, e en distintas ocasións, o número máximo de horas dispoñibles para o seu financiamento aos distintos concellos de Galicia, titulares do servizo. Ao detectarse certas dificultades por parte dos concellos para o incremento do servizo, sexa por prestación directa ou a través de licitación do servizo nun contexto de custos crecentes, a Xunta de Galicia asinou un importante acordo coa FEGAMP co que, entre outras medidas, se acordou o incremento da achega autonómica ao Servizo de Axuda no Fogar. En base a este acordo, a contía que achega a Xunta a este servizo subirá un 24% ao longo desta lexislatura pasando dos 9,7 euros/hora actuais aos 12 euros/hora no ano 2024.



Aínda que o SAF é financiado na súa maior parte polo Goberno autonómico, a súa xestión é municipal”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 28840
Data envío: 24/01/2022 14:06:49.059

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 14:06:46

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 21252**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María González Albert, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a incidencia do baleirado dos encoros de Portas e Cenza nas labores de extinción dos incendios de Chandrea de Queixa e Ribas de Sil”**, (publicada no BOPG número 198 do 15 de setembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda** que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión do Pleno do pasado 15 de setembro de 2021 pola Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en resposta á pregunta oral 20692.

Na súa intervención, a conselleira respondeu sobre o expediente sancionador aberto pola Xunta de Galicia e polas actuacións levadas a cabo en relación ao baleirado de encoros.

Enlace ao vídeo do Pleno celebrado o pasado 15 de setembro de 2021:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NGEwMGZhMmEtOWI4MS00Nzc3LTg5YTMtMzU0OWRhZTA0YmJj&start=10178>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:55:25
Nº Rexistro: 29317
Data envío: 28/01/2022 11:55:25.013

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:55:22

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 21277**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noelia Otero Lago e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o aumento das agresións LGTBifóbicas”**, (publicada no BOPG número 198 do 15 de setembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia leva anos demostrando a súa implicación na loita contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, e faino ademais a través de todos os seus departamentos, pois a igualdade e non discriminación responde ao principio de transversalidade debendo estar presente en cada unha das áreas de actuación.

Neste sentido, Galicia foi a primeira comunidade que contou cunha lei, a Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, que consolida o principio da igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas LGTBI.

A inclusión social plena, con independencia da diversidade de orientación sexual e de identidade de xénero, constitúe unha das prioridades do Goberno galego.



Coa finalidade de avanzar cada día máis neste compromiso, estase a traballar da man de asociacións, organizacións e colectivos LGTBI que teñan un interese lexítimo na loita contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero.

En particular, no marco do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero (Decreto 131/2018, do 10 de outubro) estase a loitar a prol da promoción e garantía da igualdade real e efectiva das persoas LGTBI.

O Observatorio Galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero é un órgano colexiado, con carácter consultivo e de participación social. Está integrado pola Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), as tres universidades galegas, os sindicatos UXT, CCOO, CDIF e CIG e a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG). Ademais é un órgano aberto á participación de todas as entidades que traballan na Comunidade na defensa do colectivo LGTBI, e conta actualmente con presenza de Nós Mesmas, Casco A Coruña, A.L.A.S. A Coruña, LesCoruña, Avante LGTB, Chrysallis Galicia, Pvlse de Vigo e a Rede educativa de apoio LGTBI+ de Galicia.

Froito deste traballo conxunto é o Regulamento de funcionamento do mesmo, no que se inclúe un procedemento específico para a tramitación de denuncias, e que se vén de aprobar na sesión plenaria do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero que tivo lugar o día 6 de xullo de 2021.

Nesa mesma sesión consensuouse un comunicado de apoio aos dereitos do colectivo LGTBI e de rexeitamento de calquera forma de discriminación por razón de orientación sexual, identidade de xénero ou características sexuais das persoas.

Así, as entidades que integran o Observatorio referendaron un comunicado no que condenan calquera acción ou delito de odio contra as persoas LGTBI. "Defendemos o compromiso de todas as administracións no deseño de políticas decididas; de todos os axentes implicados para perseguir coa lei na man estes comportamentos



inconcibibles; e do conxunto da sociedade galega, que ten un papel fundamental para valorizar a diversidade afectiva, sexual e de xénero”.

A declaración do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero pretende ser unha mostra de compromiso real de toda a Comunidade na defensa dos dereitos dos colectivos LGTBI, ao amosar o desexo de traballar por unha Galicia inclusiva, igualitaria, respectuosa, xusta e democrática para “abrazar unha verdadeira cultura da diversidade fronte aos discursos do odio e dos prexuízos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2022 09:44:09
Nº Rexistro: 28939
Data envío: 26/01/2022 09:44:09.895

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/01/2022 9:44:07

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 21327**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“o retraso por parte da Xunta e Galicia da comunicación ás empresas hidroeléctricas das medidas preventivas respecto do baleirado dos encoros que foron obxecto de expediente sancionador”**, (publicada no BOPG número 198 do 15 de setembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión do Pleno do pasado 15 de setembro de 2021 pola Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en resposta á pregunta oral 21077.

Na súa intervención, a conselleira respondeu sobre o expediente sancionador aberto pola Xunta de Galicia e polas actuacións levadas a cabo en relación ao baleirado de encoros.

Enlace ao vídeo do Pleno celebrado o pasado 15 de setembro de 2021:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=NGEwMGZHMmEtOWI4MS00Nzc3LTg5YTMtMzU0OWRhZTA0YmJj&start=10178](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NGEwMGZHMmEtOWI4MS00Nzc3LTg5YTMtMzU0OWRhZTA0YmJj&start=10178)



Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 7ª do pasado 17 de setembro de 2021 pola secretaria xeral técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en resposta á pregunta oral 20775.

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=ZDAwNjlkZmltZGM5ZS00MWM2LWExNzktNmQxZThiZTQzZjJk&start=129](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDAwNjlkZmltZGM5ZS00MWM2LWExNzktNmQxZThiZTQzZjJk&start=129)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:55:13
Nº Rexistro: 29316
Data envío: 28/01/2022 11:55:13.591

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:55:11

CSV: BOPGDSPG-GSOijH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 21521**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Diego Calvo Pouso e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a repercusión dos fondos europeos Next Generation para a reactivación económica no ámbito da mobilidade en Galicia”**, (publicada no BOPG número 202 do 22 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director da Axencia Galega de Infraestruturas en resposta á pregunta oral en Comisión número 21519, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión celebrada o 11 de novembro de 2021, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director da Axencia Galega de Infraestruturas salientou, entre outras cuestións, que, a pesar dos criterios do Goberno de España na asignación dos Next Generation e dos condicionantes que establece para a súa execución, a Xunta aproveitará ao máximo estes fondos para avanzar nunha auténtica transformación da mobilidade sostible e das infraestruturas do transporte público de Galicia.

A resposta completa do director a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:



<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NTkyMWVkyjctNDUwYS00YjQ2LTgxODMtZTEzNDM3ZDI5ZDY4&start=2932> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 29369
Data envío: 28/01/2022 14:25:23.545

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 14:25:21

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 21641**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e dona Mercedes Queixas Zas, sobre **"a paralización da inclusión das Brañas do Deo, nos concellos de Aranga, Oza-Cesures e Curtis, na Rede Natura e a súa degradación"**, (publicada no BOPG número 202 do 22 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia xa está traballando para dotar dunha maior protección a este enclave natural. A través dun estudo para determinar a presenza de hábitats de interese comunitario en Galicia, co fin de avaliar o seu estado e definir medidas de conservación. E a través dun novo servizo para a determinación do estado de conservación, deseño dun sistema de seguimento e redacción de medidas de conservación para os queirogais e matogueiras de Galicia."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:08:50
Nº Rexistro: 28655
Data envío: 24/01/2022 11:08:50.030

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:08:47

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 21997**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a licitación do contrato da planta de incineración de SOGAMA en Cerceda”**, (publicada no BOPG número 202 do 22 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª do pasado 25 de novembro de 2021 pola directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en resposta á pregunta oral 21996.

Enlace ao vídeo da Comisión 2ª celebrada o pasado 25 de novembro de 2021:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDcyZjk2ZWltZjZlZC00OWM4LTk5YmQtZTkzMDdlMGI2YTM3&start=2283>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:08:43
Nº Rexistro: 28654
Data envío: 24/01/2022 11:08:43.530

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:08:40

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 22080** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a xestión e inspección das residencias de maiores”**, (publicada no BOPG número 202 do 22 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Non houbo opción a decidir se a Xunta se persoaba ou non xa que foi o Xulgado quen considerou que a posición da Xunta no procedemento é a de responsable civil subsidiario (aquele que deba indemnizar ás vítimas se o condenado polo delito non fose solvente). Esta posición no procedemento impide que a Xunta se persoe no mesmo pois a súa posición está xa fixada polo xulgado e é a de responsable civil subsidiario.

Os feitos que se están a axuizar son da máxima relevancia pero polos motivos expostos anteriormente a Xunta de Galicia non tivo a posibilidade de persoarse no procedemento pois xa foi chamado ao mesmo en calidade de responsable civil subsidiario.

Por outro lado, a inspección de servizos sociais regúlase na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e na normativa de desenvolvemento.

A Consellería de Política Social conta na actualidade con 29 profesionais que prestan servizo na Subdirección de Autorización e Inspección de Servizos Sociais, nas diferentes áreas: servizos comunitarios e inclusión social, maiores, discapacidade e dependencia e familia e menores. Tamén conta co apoio de diverso persoal nas xefaturas territoriais correspondentes.

Todas as situacións irregulares detectadas de oficio, denunciadas por particulares ou por asociacións, son debidamente investigadas polos servizos de inspección coa correspondente adopción das medidas que procedan en cada caso.



Anualmente lévanse a cabo un control de legalidade de cada centro e servizo, así como as actuacións correspondentes derivadas do plan de inspección.

Co obxecto de reforzar os recursos existentes, a Consellería de Política Social levou a cabo unha nova edición do curso de capacitación para o posto de inspector/a de servizos sociais en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública, que habilita para o desenvolvemento da función inspectora, co obxecto de contar cunha bolsa de contratacións para cubrir posibles postos vacantes.

Así mesmo, contratouse persoal de apoio co fin de axilizar a tramitación de expedientes sancionadores, tanto nas fases de inicio e resolución do procedemento nos servizos centrais, como na fase de instrución nos distintos servizos provinciais.

Por último, a Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, determina como se prestarán os servizos neste ámbito. Neste eido, esta disposición normativa sinala que os servizos de atención á dependencia, entre os que se inclúen os de carácter residencial, prestaranse a través da oferta pública da rede de servizos sociais polas respectivas comunidades autónomas mediante centros e servizos públicos ou centros privados concertados.

Pola súa parte, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula no seu artigo 29 a forma de prestación dos servizos sociais de Galicia, sinalando que os referidos servizos serán prestados polas administracións públicas galegas a través das seguintes fórmulas:

- a) A xestión directa.
- b) A xestión indirecta no marco da normativa reguladora dos contratos do sector público.
- c) Mediante o réxime de concerto social previsto na propia lei.
- d) Mediante convenios con entidades sen ánimo de lucro.



Polo tanto, a normativa reguladora dos servizos de atención á dependencia prevé a coexistencia de centros públicos de atención residencial de titularidade da administración autonómica de xestión directa con outros de xestión indirecta

Neste sentido, a elaboración e aprobación desta Lei realizouse nun período legislativo no que o grupo parlamentario que formula esta pregunta, como membro do executivo galego, ostentaba as competencias en materia de política social”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 29079
Data envío: 27/01/2022 08:11:11.441

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/01/2022 8:11:08

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 22102** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a transferencia de competencias en materia de concas hidrográficas”**, (publicada no BOPG número 202 do 22 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 22100, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no fascículo 2 do BOPG número 229, do 18 de novembro de 2021, á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:54:49
Nº Rexistro: 29314
Data envío: 28/01/2022 11:54:49.654

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:54:46

CSV: BOPGDSPG-GSOijH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 22103** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a retirada do Anteproxecto de Lei de mellora do ciclo integral da auga”**, (publicada no BOPG número 202 do 22 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego considera que a Lei de Mellora do Ciclo integral da Auga é necesaria, entre outras cousas, porque permitirá avanzar na mellora da calidade das augas dos ríos e das rías de Galicia e atender a necesidade de apoio de moitos concellos para exercer as competencias de abastecemento, saneamento e depuración, que son custosas e complexas.

As dificultades ante as que se atopan moitos concellos para exercer esas competencias que lle son propias están constatadas. Así, a metade das depuradoras que xestionan as administracións locais presenta deficiencias, o que pode derivar en consecuencias negativas para a saúde pública, o medio natural, a pesca, o marisqueo e o turismo.

Ademais, a nova regulación que propón o anteproxecto de Lei incentivará a xestión profesionalizada, avanzará na igualdade de trato e condicións en todo o territorio e favorecerá o aforro na explotación agrupada aproveitando as economías de escala e as sinerxias”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:54:37
Nº Rexistro: 29313
Data envío: 28/01/2022 11:54:37.826

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:54:35

CSV: BOPGDSPG-GSOijH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 22104** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os criterios dos plans de investimento en obras hidráulicas para o período 2021-2030”**, (publicada no BOPG número 202 do 22 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O Plan Hidrolóxico Galicia-Costa está en información pública e fixéronse multitude de presentacións e talleres presenciais nos que se recolleron as achegas dos Concellos pero tamén de todos os colectivos que viven e traballan no territorio da cunca.

No referente aos fondos Next Generación, cumpre aclarar que o Goberno central unicamente repartiu entre todas as comunidades autónomas 200 millóns de euros, 100 millóns para actuacións de abastecemento e 100 millóns para saneamento. Cos criterios de reparto que estableceu de xeito unilateral, a Galicia lle corresponden 2,52 millóns de euros para saneamento e cun criterio de selección tan concreto que determina que a actuación seleccionada sexa a EDAR de Monterroso, e 6,8 millóns de euros para actuacións de abastecemento.

Pese a elo, o Goberno galego continuará a traballar en apoio aos concellos, prestando colaboración financeira para a execución de infraestruturas, mediante a participación en consorcios tanto para abastecemento como para saneamento, asumindo a explotación de estacións depuradoras de augas residuais ou a prestación do servizo de abastecemento en alta a varios concellos, asesorando e controlando a xestión das estacións depuradoras; asesorando en materia de vertidos; concedendo axudas directas para elaborar a súa planificación ou poñendo en marcha a Lei de mellora das xestión do ciclo integral da auga.



Gran parte das actuacións e investimentos que leva a cabo Augas de Galicia son financiadas con fondos europeos e xa os programas operativos indican a tipoloxía de actuacións que se poden executar e establecen os criterios e procedementos de selección de actuacións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:54:26
Nº Rexistro: 29312
Data envío: 28/01/2022 11:54:26.341

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:54:23

CSV: BOPGDSPG-GSOijH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 22166** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a construción dunha residencia de maiores no barrio do 21 en Ourense”**, (publicada no BOPG número 206 do 29 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, contratou coa empresa Oficina de Planeamiento S.A. a realización dun estudo sobre avance de distribución espacial das infraestruturas residenciais de maiores da Comunidade Autónoma de Galicia que comprendía, ademais desa distribución espacial, o dimensionado das infraestruturas a desenvolver, unha aproximación ao programa que deben levar a cabo estes centros, alternativas de emprazamentos con detalle nas súas condicións urbanísticas e de xestión, avaliación económica das actuacións e avance; así como a documentación gráfica necesaria, xunto cos planos dos posibles emprazamentos, tanto de conxunto como individualizados. O prezo do servizo contratado foi de 21.598,50 €.

A Xunta de Galicia buscou o terreo máis axeitado para a construción desta residencia no período mencionado na iniciativa.

Desde o servizo de Plan Urbanístico do Concello de Ourense emítese informe en xullo de 2017 relativo á posibilidade de albergar unha residencia de maiores na parcela do Barrio do 21 do que se extrae o seguinte: ‘o vixente plan xeral de ordenación municipal de 1986, aprobado definitivamente por orde de 16.09.1986 da Consellería de Ordenación do Territorio e obras públicas D.O.G. 06.10.86, inclúe dita parcela cualificada como zona verde/espazo libre na zona 5 do SU-39 nun polígono para desenvolver polo sistema de compensación ou



cooperación. Por tanto para a posible construción dunha residencia para maiores, a Lei 3/2016, do 1 de marzo prevé a posibilidade deste tipo de actuacións'. No informe indícase que, por parte do Concello se establece como premisa previa para a devandita construción, o documento de aprobación inicial do PXOM de 2013 que indica que parte das parcelas están cualificadas como viario. E como resultado, a cualificación de Equipamento ten unha superficie de 5.612 m² correspondentes ao Sistema Xeral SC-62 e polo tanto axeitado para a construción dunha residencia de maiores .

Dende a convocatoria do concurso 'Como Na Casa' ata a actualidade non se ten aprobado o PXOM de Ourense, polo que aínda é vixente o planeamento de 1986, e polo tanto a parcela do Barrio do 21 forma parte do polígono de solo urbanizable 39. A parcela no Camiño Real de Cudeiro sitúase nun polígono a desenvolver. Aínda que se trata dunha parcela situada preto da avenida de Santiago, estaría pendente da execución da totalidade da urbanización do polígono xa que ao día actual solo conta cun acceso rodado polo Camiño Real no seu extremo norte.

No referente á demora e a revogación da construción da residencia de maiores no Barrio do 21, infórmase de que:

1º A execución da residencia na parcela no Barrio do 21 require a tramitación urbanística ou ben polo desenvolvemento do plan parcial do solo urbanizable 39 polo sistema de compensación ou cooperación, ou polo trámite a través da Lei 3/2016, do 1 de marzo. Dende a convocatoria do concurso ata a actualidade non se ten desenvolto o plan parcial do polígono nin se ten aprobado definitivamente o PXOM de Ourense, o que pode demorar ata unha data non determinada a construción deste equipamento público.

2ª A dispoñibilidade dunha parcela de titularidade autonómica, ocupada anteriormente pola estación de autobuses logo de que xa non ten ese uso. Esta parcela conta cunha superficie maior e está situada preto do centro urbano e con mellores accesos e pode destinarse a uso asistencial mediante o simple cambio de ao abeiro do establecido no artigo 42.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.



3ª A demanda veciñal para que a parcela de estación de autobuses non quedase abandonada e se mellore a contorna da parcela”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 29078
Data envío: 27/01/2022 08:10:59.292

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/01/2022 8:10:53

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 22245**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as limitacións de niveis máximos e mínimos de baleirado dos encoros da demarcación Galicia-Costa”**, (publicada no BOPG número 206 do 29 de setembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión do Pleno do pasado 15 de setembro de 2021 pola Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en resposta á pregunta oral 21077.

Na súa intervención, a conselleira respondeu sobre o expediente sancionador aberto pola Xunta de Galicia e polas actuacións levadas a cabo en relación ao baleirado de encoros.

Enlace ao vídeo do Pleno celebrado o pasado 15 de setembro de 2021:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=NGEwMGZhMmEtOWI4MS00Nzc3LTg5YTMtMzU0OWRhZTA0YmJj&start=10178](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NGEwMGZhMmEtOWI4MS00Nzc3LTg5YTMtMzU0OWRhZTA0YmJj&start=10178)



Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 7ª do pasado 17 de setembro de 2021 pola secretaria xeral técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en resposta á pregunta oral 20775.

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=ZDAwNjlkZmItZGM5ZS00MWM2LWExNzktNmQxZThiZTQzZjJk&start=129](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDAwNjlkZmItZGM5ZS00MWM2LWExNzktNmQxZThiZTQzZjJk&start=129)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:53:51
Nº Rexistro: 29309
Data envío: 28/01/2022 11:53:51.389

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:53:48

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 22419** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as obras na Ponte Nafonso, entre os concellos de Noia e Outes, e a protección do seu patrimonio”**, (publicada no BOPG número 206 do 29 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 22417, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 246, do 22 de decembro de 2021, á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:53:05
Nº Rexistro: 29305
Data envío: 28/01/2022 11:53:05.827

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:53:02

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 22472**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noelia Otero Lago e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as persoas beneficiarias da Tarxeta Xente Nova dende o ano 2016”**, (publicada no BOPG número 206 do 29 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O carné xove é unha tarxeta persoal para a mocidade galega expedida pola Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social.

Con este documento, as persoas usuarias poden acceder a unha chea de descontos e vantaxes en múltiples entidades e establecementos en Galicia, no resto das comunidades autónomas e nos 40 países europeos adheridos ao programa Carné Xove Europeo (European Youth Card).

O Carné Xove inclúe descontos nos transportes para o tramo de idade do carné (isto é dos 12 aos 30 anos). Estes descontos poden consultarse na seguinte ligazón:

http://xuventude.xunta.es/images/carneXove/guia/Transporte_por_Provincias_e_Alsa.pdf”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 28838
Data envío: 24/01/2022 14:06:33.200

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 14:06:30

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 22497**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o peche temporal do centro de día público de Chantada”**, (publicada no BOPG número 206 do 29 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A actividade dos centros de día do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da Consellería de Política Social, así como do resto de centros de día que non forman parte da rede pública autonómica, cesou o pasado 16 de marzo de 2020 en aplicación do “Protocolo conxunto da Consellería de Política Social e da Consellería de Sanidade para os centros de servizos sociais como consecuencia da situación e evolución do coronavirus (COVID-19)”, e o posterior Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19.

A reapertura xeral destes centros de atención diúrna, prodúcese o 15 de xullo de 2020, aplicándose as medidas que establecen as sucesivas actualizacións do devandito protocolo conxunto, e prestando especial atención á incorporación pautada de usuarios e á utilización pertinente dos diferentes espazos dentro dos centros de día.

Dende entón, o centro de día de Chantada retomou a súa actividade, sen que se rexistrara ningún peche por falla de persoal. Cabe salientar, neste sentido, que ningún dos centros da rede de atención a persoas maiores do Consorcio Galego veuse na necesidade de pechar ningún día debido á carencia de traballadores.

No caso do centro de día de Chantada, informouse do positivo por COVID dunha persoa usuaria o sábado, día 4 de setembro de 2021. O luns, día 6 de setembro, o centro é informado dun segundo caso de contaxio dunha persoa usuaria que esa xornada non acude o centro. De acordo co protocolo de actuación e de maneira inmediata, o centro recibe a



indicación, por parte da área sanitaria, de cesar preventivamente a súa actividade, coas correspondentes instrucións para a realización de probas diagnósticas extensivas a todos os usuarios e persoal do centro.

Así pois, o luns, 6 de setembro, en cumprimento das instrucións recibidas, o centro cesa a súa actividade, previa información a todas as persoas usuarias e as súas familias. Así mesmo, procédese ao traslado puntual das instrucións que ao longo dos vindeiros días ditaminou a área sanitaria.

O luns, 14 de setembro, cumpridas as pautas sanitarias recibidas ao longo deses sete días, e tendo os resultados negativos das diferentes probas diagnósticas aplicadas ao conxunto de usuarios e traballadores, o centro retoma a súa normal actividade, previo aviso a todas as persoas usuarias e as súas familias”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 28835
Data envío: 24/01/2022 14:06:12.247

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 14:06:09

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 22619**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as axudas para o fomento e a promoción de rodaxes audiovisuais ao abeiro do programa Hub da industria cultural"**, (publicada no BOPG número 206 do 29 de setembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 23150 e debatida na Comisión 4ª de Educación e Cultura do Parlamento de Galicia do 12 de novembro de 2021; á que nos remitimos porque ofrece información sobre o Hub Audiovisual e, en concreto, sobre a convocatoria de axudas para a atracción de rodaxes dotada con 2M€.

O debate pode ser consultado no seguinte enlace:
<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=YjBhYzNiNDEtYzljNS00NmIwLWFhY2EtMzYxNjU5NTRiMmFl&start=151](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YjBhYzNiNDEtYzljNS00NmIwLWFhY2EtMzYxNjU5NTRiMmFl&start=151)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:52:41
Nº Rexistro: 29303
Data envío: 28/01/2022 11:52:41.780

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:52:39

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 22629** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a alternativa habitacional que ofrece a Xunta de Galicia ante o desafuzamento dunha familia en Vigo”**, (publicada no BOPG número 206 do 29 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“No relativo a favorecer o acceso á vivenda a persoas en situación ou risco de exclusión social, a Consellería de Política Social dispón de distintos mecanismos que complementan a labor realizada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, entre os que cabe sinalar os seguintes:

Complemento de aluguer para as persoas perceptoras da renda de inclusión social de Galicia (RISGA);

Concesión de axudas de inclusión social (AIS) para o pagamento de débedas de aluguer e conceptos similares que impidan o desafuzamento ou a parda de suministros básicos, así como axudas para adecuar as vivendas e mellorar a súa accesibilidade ou para equipamento básico, entre outras;

Liñas de apoio á inclusión residencial das persoas que o precisan;

Ou programas de acompañamento integral ás persoas en risco de desafuzamento.

Así mesmo, a Consellería de Política Social coordina o desenvolvemento do Plan Integral de Atención ás Persoas sen Fogar 2019-2023, que conta con medidas que pretenden reducir o



senfogarismo na Comunidade autónoma dun xeito significativo.

No caso da familia de Vigo que menciona a iniciativa, sinálase que foi atendida nun primeiro momento polo programa de atención ás familias en risco de desafiuzamentos pero neste caso non se trata dun desafiuzamento por impago de renda, senón por fin de contrato que o arrendador négase a renovar, polo que non se encadra dentro do ámbito de atención deste programa”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 29077
Data envío: 27/01/2022 08:10:43.922

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/01/2022 8:10:39

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 22956** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os compromisos de investimentos do presidente da Xunta de Galicia co alcalde de Viana do Bolo”**, (publicada no BOPG número 210 do 6 de outubro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A posta en marcha de casas do maior artículase a través dunha orde de convocatoria de axudas publicada no Diario Oficial de Galicia con suxeición ao establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Entre os 71 proxectos para a posta en marcha dunha casa do maior recollidos na Resolución do 6 de setembro de 2021, da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, pola que se publica a Resolución do 6 de setembro de 2021 das axudas convocadas na Orde do 22 de marzo de 2021 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas do maior e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2021, 2022 e 2023 (código de procedemento BS212A) non se atopa ningún no municipio de Viana do Bolo. A data da resolución é previa á reunión mantida entre o presidente da Xunta e o alcalde deste concello.

Os orzamentos da Consellería de Política Social para este ano recollen un incremento do 22% o orzamento para as casas do maior, co obxectivo de finalizar o ano con máis de 120 centros en marcha.



Polo tanto, a posta en marcha dunha casa do maior no concello de Viana do Bolo dependerá, en primeiro lugar, da presentación en tempo e forma dunha solicitude a unha convocatoria pública de axudas por parte de persoas físicas que se constitúan como empresarios autónomos ou que constitúan unha cooperativa de traballo asociado. E, en segundo lugar, da resolución do procedemento de concesión destas subvencións que se tramita en réxime de concorrència competitiva.

Por outra banda, dentro dos fondos do Mecanismo de Recuperación, Transformación e Resiliencia que xestiona o Ministerio de Derechos Sociais y Agenda 2030, existe a condición de que un mínimo dun 15% do importe total sexa xestionado a través das entidades locais. En cumprimento deste requisito, os 313 municipios galegos (entre eles Viana do Bolo) poderán presentar proxectos de centros de servizos sociais de titularidade municipal que sexan candidatos a financiarse con cargo a estes fondos. As condicións concretas da convocatoria de axudas están a ser debatidas entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 29076
Data envío: 27/01/2022 08:10:29.600

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/01/2022 8:10:27

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 22999** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as residencias de titularidade pública xestionadas polo grupo empresarial DomusVi en Galicia”**, (publicada no BOPG número 210 do 6 de outubro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“As residencias de titularidade pública xestionadas polo grupo DomusVI en Galicia son as seguintes:

Residencia de maiores de Ribeira

Ribeira

Residencia de maiores Concepción Arenal

A Coruña

Residencia de maiores de Bembrive

Vigo

Residencia de maiores de Larouco

Larouco

Residencia de maiores de Laraxe

Cabanas

Residencia de maiores de Castro Riberas de Lea

Castro de Rei



Residencia de maiores de Bande

Bande

Residencia de maiores Fundación José Otero-Carmela Martínez

Santiago de Compostela

Por outro lado, non existe ningunha distorsión na información recollida no RUEPSS tal e como se indica na pregunta, posto que os centros mencionados Residencia de maiores de Vimianzo, Residencia de maiores de Monforte, Residencia de maiores de Viveiro e Residencia de maiores de Ourense-centro, son de titularidade e xestión privada. Dita información aparece en dito rexistro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 29074
Data envío: 27/01/2022 08:10:06.709

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/01/2022 8:10:04

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 23028** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e don Luis Bará Torres, sobre **“a construción dunha ruta de sendeirismo polo río Mendo no cello de Oza-Cesuras”**, (publicada no BOPG número 210 do 6 de outubro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 23027, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no fascículo número 2 do BOPG número 229, do 18 de novembro de 2021, á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:52:18
Nº Rexistro: 29301
Data envío: 28/01/2022 11:52:18.937

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:52:16

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 23041** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as concesións a empresas privadas da xestión das residencias de titularidade pública”**, (publicada no BOPG número 210 do 6 de outubro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A determinación da fórmula de prestación dos servizos públicos no ámbito social enmárcase na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. Neste senso, o artigo 29 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, reflicte que os citados servizos serán prestados polas administracións públicas galegas a través das seguintes fórmulas: xestión directa, xestión indirecta no marco da normativa reguladora dos contratos do sector público, mediante o réxime de concerto social previsto na propia lei e mediante convenios con entidades sen ánimo de lucro.

As fórmulas de xestión directa e indirecta de centros públicos de atención residencial de titularidade das administracións públicas, entre elas, a Xunta de Galicia, enmárcanse na normativa reguladora dos servizos de atención á dependencia, unha normativa – Lei 13/2008, do 3 de decembro- elaborada e publicada polo Parlamento de Galicia durante un período legislativo no que as competencias en materia social no Goberno galego lle correspondían a membros do grupo parlamentario que formula a presente pregunta.

Ao abeiro da normativa vixente, o Goberno autonómico conta actualmente con doce centros de atención residencial para persoas dependentes de titularidade da Xunta de Galicia de xestión indirecta na modalidade de concesión.

A xestión destes servizos públicos na modalidade de concesión enmárcase na normativa reguladora dos contratos do sector público, axústanse ao recollido no prego de cláusulas administrativas e prego de prescricións técnicas que rexen cada un dos contratos. A vixencia





de cada unha destas concesións ven determinada pola normativa reguladora dos contratos do sector público vixente no momento de sinatura do contrato.

Así mesmo, todos os pagos derivados destes contratos de concesión en particular e os pagos de todos os contratos en xeral efectuados pola Consellería de Política Social realízanse no marco da normativa de réxime financeiro e orzamentario vixente e con suxeición á correspondente función interventora”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 29073
Data envío: 27/01/2022 08:09:55.108

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/01/2022 8:09:52

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 23054** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a construción de novas residencias de maiores”**, (publicada no BOPG número 210 do 6 de outubro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os novos proxectos de centros residenciais para persoas dependentes nacen cun obxectivo e cun contexto claros e ben definidos: investir nas persoas. A atención aos nosos maiores é fundamental na acción deste Goberno. Por iso, se poñerán en marcha sete novas residencias, con 900 prazas públicas, financiadas e construídas pola Fundación Amancio Ortega. Tamén crearemos unha nova residencia pública de Antas de Ulla.

E ademais cos fondos europeos construiremos a primeira residencia piloto do novo modelo de coidados, en Ribeira, con preto de 100 prazas públicas. Neste senso, o concello de Ribeira ofreceu á Xunta de Galicia o terreo e o edificio onde se atopaba a discoteca Hesta Kurva, co fin de crear neste inmovible unha nova residencia de atención residencial para persoas maiores que será pioneira nesta etapa post-covid”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 29071
Data envío: 27/01/2022 08:09:30.903

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/01/2022 8:09:28

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 23311**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Castro García e don Luís Bará Torres, sobre **“a paralización da construción da Planta de Transferencia de Residuos de Sogama no lugar do Franco no concello de Riotorto”**, (publicada no BOPG número 213 do 15 de outubro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“En relación a dita planta de transferencia, a Xunta prosigue cos estudos técnicos para elixir o emprazamento que cumpra cos requisitos para acoller unha instalación estratéxica na rede de infraestruturas que porá en marcha o Goberno galego para a valorización da materia orgánica”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:08:23
Nº Rexistro: 28652
Data envío: 24/01/2022 11:08:23.015

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:08:20

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 23343**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“o desafiuzamento das familias inquilinas das vivendas da Sareb no concello de Silleda”**, (publicada no BOPG número 213 do 15 de outubro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia dispón de ferramentas para atender ás persoas e familias que se atopan en risco ou situación de desafiuzamento da vivenda habitual.

Neste sentido, o programa integral de loita contra o desafiuzamento da vivenda habitual, constitúe o marco integrado de coordinación dos servizos destinados a atender ás persoas e familias en risco ou situación de desafiuzamento da vivenda habitual, para darlles apoio, coa finalidade de:

- Previr unha posible situación de desafiuzamento.
- Evitar o desafiuzamento, se fose posible.
- Se non se puidese evitar, paliar os seus efectos coa aplicación dos recursos axeitados a cada situación.

O risco de desafiuzamento, xa sexa pola imposibilidade do pagamento da renda de alugueiro ou da cota hipotecaria, sempre ten que referirse á vivenda habitual.



Nunha situación de desafiuzamento, os servizos sociais municipais valoran a activación de recursos sociais cando detectan unha situación de vulnerabilidade.

En referencia ás familias inquilinas das vivendas do SAREB, non consta ningunha solicitude neste sentido.

Cómpre lembrar que o Estado é actualmente o propietario de máis do 45% da Sareb e, polo tanto, cumpre o papel de arrendatario fronte aos actuais inquilinos. Por este motivo, a Xunta instou ao Goberno central a analizar a situación das persoas que actualmente habitan unha vivenda da Sareb e plantexar alternativas que resolvan a situación na que se atopan os inquilinos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2022 09:43:34
Nº Rexistro: 28936
Data envío: 26/01/2022 09:43:34.364

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/01/2022 9:43:32

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 23465** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **"a información relativa aos datos de contaxios e falecementos por covid-19 nos centros de atención residencial para persoas maiores"**, (publicada no BOPG número 213 do 15 de outubro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Política Social leva vinte meses enviando un informe diario a todos os medios de comunicación con cada caso positivo rexistrado en cada centro residencial, ademais da idade e o sexo de cada falecido que se produciu.

Tamén informamos ao Ministerio de Sanidade dúas veces por semana tal e como pediu. Aínda hoxe, sen apenas casos, seguimos informando semanalmente dos casos que se producen nas residencias entre os seus usuarios".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:08:16
Nº Rexistro: 28651
Data envío: 24/01/2022 11:08:16.218

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:08:12

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 23518** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas concretas que vai adoptar o Goberno galego para corrixir as desigualdades de rendas e oportunidades existentes en Galicia, nomeadamente nas comarcas que están en risco demográfico”**, (publicada no BOPG número 216 do 21 de outubro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Tal e como informou a Conselleira de Política Social en sesión plenaria do día 10 de novembro do 2021, respondendo á interpelación presentada polo grupo PSdeG-PSOE sobre este mesmo tema (número de rexistro 23517), confía en que antes de que remate o ano a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) aproben a renovación da Axenda Social Única 2024.

Este documento aglutinará os retos e obxectivos en materia social para os vindeiros anos e permitirá sumar forzas entre a Administración autonómica, as entidades sociais e os Concellos galegos.

Neste sentido, o Goberno galego sempre está ao carón dos que máis o necesitan, tal e como demostrou durante pandemia ao aprobar a maior orde de axudas a entidades sociais da historia de Galicia, dotada de 17,8 millóns de euros; ou coa posta en marcha da Tarxeta Básica, medida pioneira na que se levan investidos 31,5 millóns de euros e coa se atenderon a máis de 56.000 galegas e galegos.

Por outro lado, a Xunta de Galicia vai tramitar en 2022 unha nova Lei de inclusión social para adaptar o mapa de prestacións sociais ao Ingreso Mínimo Vital. Este novo marco normativo, entre outros aspectos, procurará reducir o tempo e o papelame na tramitación de



prestacións de inclusión; permitirá, en determinados casos, a compatibilización de axudas con ingresos procedentes dun traballo; e a reformulará a Renda de Inclusión Social de Galicia (Risga), para chegar onde non chega o IMV.

Galicia está logrando que cada vez haxa menos fogares que o están a pasar mal, tal e como sinalan os datos estatísticos relativos ao 2020 e que revelan que as familias galegas resistiron mellor á crise que as do resto de España.

Así, Galicia sitúase por debaixo da media estatal (un 25,7% fronte a un 26,4% nacional) na taxa Arope, que mide o risco de pobreza e exclusión social. Tamén no indicador de carencia material severa, que comunmente se identifica por pobreza, Galicia sitúase case dous puntos por debaixo que a media estatal (5,2% fronte a un 7%).

Por último, é preciso sinalar que Galicia é a quinta comunidade con menor taxa de paro rexistrado, un 10,23%".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:08:01
Nº Rexistro: 28649
Data envío: 24/01/2022 11:08:01.812

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:07:59

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 23868**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a incoación do expediente de ben de interese cultural para o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside, de Sada"**, (publicada no BOPG número 218 do 28 de outubro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 8736 e debatida no pleno de Parlamento do 11 de febreiro de 2021; á que nos remitimos porque ofrece información sobre todas as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia no relativo ao Museo Carlos Maside".

O debate pode ser consultado no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=M2MyZmRhYTktMDE0Yy00MzI4LWFjZGYtN2lyYzljOTI0Mzk1&start=1393](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=M2MyZmRhYTktMDE0Yy00MzI4LWFjZGYtN2lyYzljOTI0Mzk1&start=1393)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:51:31
Nº Rexistro: 29297
Data envío: 28/01/2022 11:51:31.547

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:51:28

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 24175** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **“o exercicio de competencias profesionais do persoal das residencias de maiores”**, (publicada no BOPG número 220 do 3 de novembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“As funcións das distintas categorías do persoal laboral que presta servizos nas residencias de maiores veñen establecidas no Convenio colectivo do persoal laboral do IMSERSO.

No citado convenio establécense, entre outras, as funcións dos/das auxiliares de enfermería. Unha das funcións alí establecidas é ‘Administración de los medicamentos orales y tópicos prescritos, previamente preparados por el ATS, así como la toma de constantes cuando las necesidades del servicio lo requieren.’

Despois de facer as comprobacións oportunas podemos asegurar que, tanto na Residencia de Maiores de Ferrol, como en calquera outra residencia dependente da Consellería de Política Social, se limitan a aplicar as funcións establecidas no citado convenio. En consecuencia, os/as auxiliares de enfermería que prestan os seus servizos nos nosos centros administran os medicamentos que previamente prepararon os/as ATS/DUE cumpríndose así escrupulosamente o que establece o Convenio Colectivo.



Por outro lado, o novo modelo de cuidados no que está a traballar o Goberno galego pon no centro ás persoas a través da promoción da súa autonomía persoal, o seu benestar e dignidade humana. Este modelo sustentase nunha maior integración da atención social e sanitaria e conta co dialogo e consenso cos diferentes axentes do sector”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:07:54
Nº Rexistro: 28648
Data envío: 24/01/2022 11:07:54.890

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:07:52

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 24249** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a habilitación de centros intermedios para evacuar os casos positivos de covid nas residencias de maiores”**, (publicada no BOPG número 224 do 10 de novembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os centros de coidados intermedios sociosanitarios caracterízanse por ser un recurso residencial temporal, cun período limitado, para persoas con necesidades de coidados sanitarios e/ou convalecencia, que proporcionen unha atención adaptada ás necesidades de cada caso.

Este tipo de coidados representan a transición do paciente dun episodio de hospitalización aguda á residencia, caracterizado por unha dependencia sanitaria e social e a posibilidade dunha rehabilitación óptima e cognitiva tras un proceso de hospitalización por proceso agudo.

Pola contra, as residencias integradas foron dispositivos específicos postos en marcha cando as circunstancias da pandemia por Covid-19 sobrepasaban a capacidade de illamento das residencias, co fin de trasladar a estes centros aos pacientes positivos que non precisaban hospitalización tal e como recollen os protocolos conxuntos da Consellería de Política Social e a Consellería de Sanidade, elaborados por grupos de expertos.

Neste senso, e dada a situación epidemiolóxica actual e o elevado porcentaxe de vacinación entre os residentes, polo de agora non se contempla a posta en marcha destes centros.

Por outro lado, a Consellería de Política Social está no proceso de definición e posta en marcha dos centros de coidados intermedios sociosanitarios na nosa Comunidade.



Os niveis de restrición das residencias dependen da situación epidemiolóxica xeral, do número de casos positivos nos centros residenciais, do grado de vacinación e da capacidade de illamento dos casos positivos no propio ámbito residencial.

A infección por Covid-19, ao igual que moitas outras enfermidades transmisibles, é un proceso dinámico. A derivación de usuarios de residencia positivos aparecidos nun primeiro cribado a centros integrados, en ningún caso modifica os protocolos de vixilancia dos residentes que non dando positivo xa o podían estar nese momento, e poderíase cometer o erro de implantar unha sensación de falsa seguridade nos centros favorecendo así a posible extensión dos brotes.

Neste momento de situación e control da pandemia, xunto co elevado grado de vacinación dos residentes e a baixa repercusión clínica dos usuarios positivos, non se considera necesario a evacuación de residentes positivos a outros centros no caso de que non precisen hospitalización.

No caso de que a situación epidemiolóxica xeral así o requira, habilitaranse os recursos necesarios para seguir garantindo a seguridade e benestar dos nosos maiores”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:07:40
Nº Rexistro: 28646
Data envío: 24/01/2022 11:07:40.937

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:07:38

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 24335** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Castro García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a intervención polo Goberno do Uruguai do hospital da Casa de Galicia en Montevideo”**, (publicada no BOPG número 224 do 10 de novembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral da Emigración**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar, indicar que os centros galegos do exterior son entidades xurídicas independentes que se rexen por normas internas de funcionamento suxeitos a lexislación do país onde están radicadas. A Xunta de Galicia non ten capacidade de decisión nin exercer control sobre cuestións relacionadas coas súas actividades e funcionamento interno.

Dende esa premisa inicial de que se trata de entidades independentes e autónomas, colaboramos con eles con achegas para o seu mantemento e supervivencia, especialmente importantes nestes anos de pandemia, pero fundamentalmente traballamos para coidar e potenciar o seu papel como difusores da cultura, a lingua e do patrimonio galego, así como na súa importante contribución en manter vivos os lazos de unión das comunidades galegas coa Galicia territorial.

Polo tanto, tal e como a situación o require, estamos pendentes e seguimos moi de cerca a evolución da situación na que se atopa Casa de Galicia de Montevideo e mantemos comunicación coas autoridades do país, solicitando que se esgoten todas as accións posibles, executivas e de iniciativa lexislativa, para permitir calquera opción que poida dar continuidade a que Casa de Galicia siga sendo Casa de Galicia. Por outra banda, tamén solicitamos ao Ministerio de Educación e Cultura que se tomen todas as medidas necesaria



para garantir a protección do patrimonio cultural, histórico e artístico da institución.

En relación as medidas levadas acabo nos últimos anos, a Secretaría Xeral da Emigración colaborou de xeito habitual con esta entidade no desenvolvemento das súas actividades de carácter cultural, con distintos programas e de xeito equivalente ao resto de centros galegos do mundo. No referido ao súa faceta sanitaria, a colaboración con Casa de Galicia vai encamiñada a axudar a aqueles emigrantes galegos en situación de vulnerabilidade que así o precisen. En relación a esta actividade sanitaria, debemos ter presente que é unha institución de Asistencia Médica Colectiva, enmarcada no sistema sanitario uruguaio e que presta servizo a máis de 40.000 afiliados”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:51:07
Nº Rexistro: 29295
Data envío: 28/01/2022 11:51:07.656

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:51:04

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 24378**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noelia Otero Lago, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto do aumento de agresións contra persoas lesbianas, gais, transxéneros, bisexuais e intersexuais”**, (publicada no BOPG número 224 do 10 de novembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia leva anos demostrando a súa implicación na loita contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, e faino ademais a través de todos os seus departamentos, pois a igualdade e non discriminación responde ao principio de transversalidade debendo estar presente en cada unha das áreas de actuación.

Neste sentido, Galicia foi a primeira comunidade que contou cunha lei, a Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, que consolida o principio da igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas LGTBI.

A inclusión social plena, con independencia da diversidade de orientación sexual e de identidade de xénero, constitúe unha das prioridades do Goberno galego.



Coa finalidade de avanzar cada día máis neste compromiso, estase a traballar da man de asociacións, organizacións e colectivos LGTBI que teñan un interese lexítimo na loita contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero.

En particular, no marco do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero (Decreto 131/2018, do 10 de outubro) estase a loitar a prol da promoción e garantía da igualdade real e efectiva das persoas LGTBI.

O Observatorio Galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero é un órgano colexiado, con carácter consultivo e de participación social. Está integrado pola Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), as tres universidades galegas, os sindicatos UXT, CCOO, CDIF e CIG e a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG). Ademais é un órgano aberto á participación de todas as entidades que traballan na Comunidade na defensa do colectivo LGTBI, e conta actualmente con presenza de Nós Mesmas, Casco A Coruña, A.L.A.S. A Coruña, LesCoruña, Avante LGTB, Chrysallis Galicia, Pvlse de Vigo e a Rede educativa de apoio LGTBI+ de Galicia.

Froito deste traballo conxunto é o Regulamento de funcionamento do mesmo, no que se inclúe un procedemento específico para a tramitación de denuncias, e que se vén de aprobar na sesión plenaria do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero que tivo lugar o día 6 de xullo de 2021.

Ademais, co obxectivo de fortalecer o movemento asociativo, o igual que en anos anteriores, no 2021 firmáronse 6 convenios de colaboración para apoiar ás organizacións e entidades que desenvolven actividades de promoción e defensa dos dereitos e intereses de persoas gays, lesbianas, transexuais, bisexuais e intersexuais.

En particular, levarán a cabo actividades e programas dirixidos á promoción, aplicación e desenvolvemento de actuacións e medidas destinadas a avanzar no fomento e a promoción da igualdade de oportunidades, da visibilidade,



sensibilización e da non discriminación do colectivo LGTBI, como son campañas de información social, acompañamento e asesoramento sobre os recursos sociais e sanitarios, formación específica para o persoal das administracións públicas ou ben materiais didácticos.

Cómpre destacar que estes convenios comezaron a asinarse no ano 2016 e no ano 2017 apareceu, por primeira vez, unha partida específica nos Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para as asociacións, organizacións e colectivos LGTBI.

En conclusión, o obxectivo do Goberno galego non é outro que o de garantir que todas as persoas, sen importar a súa orientación sexual e identidade de xénero, poidan exercer plenamente os seus dereitos con dignidade e liberdade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2022 09:42:34
Nº Rexistro: 28931
Data envío: 26/01/2022 09:42:34.850

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/01/2022 9:42:30

CSV: BOPGDSPG-GSOijH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 24426** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a anulación das prórrogas da AP9"**, (publicada no BOPG número 224 do 10 de novembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 24424, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no fascículo 2 do BOPG número 251, do 4 de xaneiro de 2022, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:50:44
Nº Rexistro: 29293
Data envío: 28/01/2022 11:50:44.281

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:50:41

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 24427** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a revisión ou anulación dos convenios asinados polo Ministerio de Fomento e a concesionaria da autoestrada en 2011 e 1018"**, (publicada no BOPG número 224 do 10 de novembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 24424, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no fascículo 2 do BOPG número 251, do 4 de xaneiro de 2022, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:50:32
Nº Rexistro: 29292
Data envío: 28/01/2022 11:50:32.859

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:50:30

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 24714**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Susana Díaz Varela e dona Noelia Otero Lago, sobre **“a postura da Xunta de Galicia respecto do impulso das políticas públicas en materia de servizos sociais, sanidade, seguridade e igualdade para a abolición da prostitución”**, (publicada no BOPG número 228 do 17 de novembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno Galego quere reiterar o seu absoluto rexeitamento ante unha das manifestacións máis extremas e crueis das desigualdades e da violencia contra as mulleres.

Todos os datos apuntan a que a trata, a prostitución e a explotación sexual, en calquera das súas formas, atópanse fortemente interrelacionadas entre si. Son moitos os instrumentos internacionais que inciden nesta cuestión.

Por iso, dentro da violencia de xénero e da desigualdade en xeral entre homes e mulleres, a trata con fins de explotación sexual ten unha especial gravidade, pois implica a redución máxima dunha persoa a mero obxecto, e a persoa reducida a esta condición está exposta a un trato vexatorio e incluso violento.



A situación xerada pola crise sanitaria derivada da covid-19 aumentou a situación de especial vulnerabilidade para as vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral. En consecuencia, o Goberno galego reforzou todos os dispositivos no ámbito da intervención social en estreita colaboración cas entidades sociais que conforman a Rede Galega contra a Trata.

Así pois, Galicia dispón de vivendas de seguridade para vítimas de explotación sexual que no último ano acolleron e atenderon a 32 mulleres e 8 menores en situación de risco. E tamén están activas as subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, cuxa implicación é imprescindible para desenvolver proxectos de atención integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual e vítimas de trata. A finalidade é apoiar a recuperación e a integración social e laboral. Nestes programas atendéronse a 685 persoas no ano 2020.

A Administración autonómica reitera o seu compromiso na loita contra a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual, proseguindo o seu labor mediante o reforzo dos mecanismos de atención, apoio e información ás vítimas, que quedarán garantidos no Plan Galego contra a Trata, potenciando a colaboración e a coordinación institucional e co terceiro sector, así como con outras comunidades autónomas a través do proxecto Rede por unha vida libre de violencia para as mulleres en contextos de prostitución e para a eliminación da trata e a explotación sexual infantil e adolescente.

Ademais, cómpre destacar que o Diario Oficial de Galicia publicou, o pasado día 14 de xaneiro, a convocatoria de axudas para 2022 destinada a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que desenvolvan proxectos de atención social integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual preferentemente inmigrantes e/ ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral. As axudas contan cunha dotación de 450.000 euros.





Desde 2016 atendéronse máis de 3.600 persoas grazas a estes apoios a entidades que traballan na atención directa a vítimas de trata con fins de explotación sexual e/ou laboral. O ano pasado resultaron beneficiarias un total de nove entidades que atenderon a 626 persoas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2022 09:41:55
Nº Rexistro: 28928
Data envío: 26/01/2022 09:41:55.507

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/01/2022 9:41:51

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 24755**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións do Goberno galego para reforzar e ampliar a rede de centros de información ás mulleres”**, (publicada no BOPG número 228 do 17 de novembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A secretaria xeral da Igualdade deu resposta, o pasado 23 de setembro de 2021, a unha pregunta oral formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, número de rexistro 18881, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego respecto do reforzo dos servizos de información e atención a mulleres en situación de violencia machista, na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

Nos últimos anos Galicia é exemplo de importantes avances institucionais, no ámbito da loita contra a violencia de xénero, e nomeadamente en colaboración cas entidades locais.

En canto aos Centros de Información ás Mulleres (CIM), increméntase o apoio nun 10,5% con respecto a 2021, a través dun orzamento para 2022 de 4 millóns de euros.

Actualmente Galicia conta con 84 CIM para a atención, orientación, asesoramento e apoio ás mulleres, no ámbito do fomento do asociacionismo, emprendemento e tamén e en especial, para as vítimas de violencia de xénero e as súas fillas e fillos, así como para as mulleres especialmente vulnerables.



Asemade cómpre recordar que os CIM son de titularidade municipal, a Xunta de Galicia asesora, acompaña na creación de ditos centros, e financia o persoal, así como a formación dentro do Plan Anual para profesionais dos CIM.

Ademais, a modalidade de financiamento é con fondos propios da Comunidade Autónoma de Galicia, o que representa unha constatación do recoñecemento por parte da administración autonómica da importancia e a necesidade deste recurso”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:50:20
Nº Rexistro: 29291
Data envío: 28/01/2022 11:50:20.953

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:50:17

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 24891**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a defensa da continuidade do complexo medio ambiental de Lousame”**, (publicada no BOPG número 232 do 24 de novembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“En relación ao modelo de Sogama, cómpre subliñar que o Complexo Medioambiental de Cerceda cumpre con toda a normativa europea que resulta de aplicación.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:07:05
Nº Rexistro: 28641
Data envío: 24/01/2022 11:07:05.782

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:07:03

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 24935**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os resultados e o custo dos procesos iniciados en 2017 para a elaboración da Estratexia de infraestrutura Verde de Galicia e da Estratexia de infraestrutura verde da área da Coruña”**, (publicada no BOPG número 232 do 24 de novembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Consello da Xunta acordou en xullo someter ao trámite de información pública o documento que recolle a Estratexia galega de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas. O Goberno galego impulsou unha colaboración coas universidades de Santiago de Compostela e da Coruña para a elaboración dun documento de análise e cálculos dos servizos ecosistémicos, así como a identificación dos compoñentes da infraestrutura verde. Ese traballo deu como resultado as bases científico-técnicas que serven de referente para a elaboración da estratexia galega.

O proceso de consulta pública permitirá, unha vez recollida e valoradas as propostas dos sectores implicados con competencias nesta materia, elaborar o documento definitivo para a súa aprobación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:06:51
Nº Rexistro: 28639
Data envío: 24/01/2022 11:06:51.735

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:06:49

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 24969** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a previsión de publicación do decreto que creará o Rexistro de Familias Monomarentais e Monoparentais de Galicia”**, (publicada no BOPG número 232 do 24 de novembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Comunidade Autónoma de Galicia abordou por primeira vez a regulación das familias monoparentais no capítulo II da Lei 3/2011 do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. Este capítulo engloba aqueles grupos de familias, entre as que se atopan as familias monoparentais, que polas súas condicións especiais requiren un tratamento máis favorable e unha especial consideración por parte dos poderes públicos.

O artigo 13 da dita norma, que recolle o concepto de familia monoparental, foi obxecto de modificación pola Disposición Derradeira Terceira da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, no que se revisa o concepto de familia monoparental para adaptalo á realidade social actual das familias. Ademais, a lei 5/2021, do 2 de febreiro, contempla a especial consideración das familias monoparentais coa aprobación dun plan de apoio e co mandato de creación do Rexistro de Familias monoparentais.

Porén, é necesario desenvolver aspectos da normativa en relación coa regulación das familias monoparentais dado que a regulación actual non detalla os requisitos e medios de acreditación necesarios para o recoñecemento en cada caso da condición de familia monoparental e o procedemento de emisión e expedición dos certificados de familia monoparental. A maior abundamento, a nova regulación permitirá regular a creación do rexistro de familias monoparentais, desenvolvendo a súa organización e xestión.



É dicir, a Xunta de Galicia está a aproveitar a tramitación do decreto que permitirá a creación do Rexistro de Familias Monoparentais para abordar tamén a regulación completa da condición de familia monoparental, na mesma liña que están a facer outras comunidades autónomas.

O desenvolvemento desta regulación posibilitará que se clarifique e desenvolva a normativa reguladora da condición de familia monoparental, permitindo que as familias poidan acceder ao recoñecemento da condición de familias monoparental e ser inscritas no rexistro creado pola norma, o que lles permitirá beneficiarse da acción protectora prevista para estas unidades familiares.

Neste sentido, a regulación da condición de familia monoparental (desenvolvemento do concepto de familia monoparental, requisitos de acceso, tipos de familia monoparental, límites de idade, documentación acreditativa, etc) ten o obxectivo de xerar seguridade xurídica e establecer un procedemento específico que unifique o acceso aos posibles beneficios que neste ámbito vaian xerando as distintas Administracións Públicas, incluídos aqueles que xa se están a aplicar na actualidade.

Para realizar todo isto, a Xunta de Galicia completou xa un proceso de consulta pública previa para a aprobación do futuro decreto que regulará o rexistro de familias monoparentais e o seu acceso.

Sobre isto, desde a Consellería de Política Social téñense realizado nos últimos meses contactos coas distintas organizacións de familias monoparentais para fomentar a súa participación neste proceso, e froito deste traballo téñense recibido medio cento de achegas.

Agora, a Consellería de Política Social está a traballar na elaboración do borrador de decreto, que tamén será sometido a información pública para coñecer a opinión da sociedade galega e como paso previo á súa posterior aprobación.





En todo caso, o obxectivo da Consellería de Política Social é acadar o maior consenso posible na súa tramitación, de xeito que o novo decreto sexa unha ferramenta útil para mellorar a vida das familias monoparentais e, por extensión, de toda a sociedade galega”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:06:38
Nº Rexistro: 28637
Data envío: 24/01/2022 11:06:38.454

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:06:35

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 24976** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o novo modelo residencial para persoas maiores e dependentes previsto pola Xunta de Galicia”**, (publicada no BOPG número 232 do 24 de novembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia avanza cara un modelo residencial centrado na persoa, accesible e con maior intimidade. Un modelo residencial que se sustentará nunha maior integración da atención social e sanitaria.

Para iso, o 21 de decembro do 2020 constituíuse o Comité Asesor Sociosanitario encargado de deseñar este novo modelo e que conta coa participación de todos os axentes implicados: familiares de usuarios, médicos, profesionais de residencias e directivos do sector dos coidados.

Un modelo que cambiará para sempre o concepto actual das residencias para conseguir que os usuarios sintan o centro como a súa casa, sen interferir na súa vida diaria.

Para iso organizaranse unidades de convivencia máis reducidas, para incrementar a atención proactiva e personalizada. E aproveitarase a potencialidade das novas tecnoloxías para mellorar a calidade asistencial e o benestar dos usuarios, dentro dun envellecemento activo e saudable.

Un modelo que se perpetuará no tempo, baseado no aprendido durante a pandemia. Por iso, a súa implantación debe ser progresiva e a dúas velocidades: con medidas que se poidan facer de xeito case inmediato e outras que necesitarán unha implantación no tempo.



Para poder levar a cabo isto é fundamental a modificación da normativa; unha maior integración das residencias coa atención médica primaria e hospitalaria; así como a investigación, innovación e formación continuadas.

Nesta liña, o pasado mes de outubro o Goberno galego puxo en marcha o primeiro living lab sociosanitario na residencia de maiores da Estrada, un entorno experimental que permite a cocreación de innovación impulsada polos usuarios e profesionais, e que desenvolve solucións tecnolóxicas para integralas no novo modelo de coidados.

Ademais, cos fondos europeos vertebrados no Plan de Recuperación, construiremos no Concello de Ribeira a primeira residencia pública do novo modelo de coidados sociosanitarios”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 29069
Data envío: 27/01/2022 08:09:06.590

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/01/2022 8:09:04

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 25092** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da política de conciliación e corresponsabilidade”**, (publicada no BOPG número 232 do 24 de novembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia é unha comunidade autónoma de referencia na adopción de políticas destinadas a favorecer a conciliación e a corresponsabilidade das familias, co obxectivo de facilitar que todas as familias poidan desenvolver a súa carreira profesional sen que ningún dos proxenitores teñan que renunciar a este progreso na respectiva contorna laboral.

A Consellería de Política Social leva anos apostando de xeito decidido por estas políticas, e proba disto é -por exemplo- a implantación da gratuidade na atención educativa das escolas infantís 0-3 para os segundos irmáns e sucesivos, que se aplicará a todos os alumnos destas escolas a partir do curso 2022/23. Galicia é a primeira comunidade autónoma que adopta esta medida, coa finalidade de universalizar o acceso ao primeiro ciclo de Educación Infantil para todas as familias.

E para aquelas zonas xeográficas onde non existen escolas infantís porque non hai un número suficiente de alumnos para facer viable estes recursos, a Consellería de Política Social impulsa desde o ano 2016 as casas-niño, que buscan achegar un recurso de conciliación 100% gratuítos a familias que viven en concellos pouco poboados sen recursos de conciliación, de xeito que teñan as mesmas oportunidades que as familias dos concellos con maior poboación.



En definitiva, a Xunta de Galicia segue apostando por políticas que favorezan a conciliación e a corresponsabilidade, e así se plasma de novo nos Orzamentos da Consellería de Política Social para o exercicio 2022”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:06:31
Nº Rexistro: 28636
Data envío: 24/01/2022 11:06:31.423

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:06:28

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 25104** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia en relación coa aprobación do decreto que regula a condición de familia monoparental”**, (publicada no BOPG número 232 do 24 de novembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Comunidade Autónoma de Galicia abordou por primeira vez a regulación das familias monoparentais no capítulo II da Lei 3/2011 do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. Este capítulo engloba aqueles grupos de familias, entre as que se atopan as familias monoparentais, que polas súas condicións especiais requiren un tratamento máis favorable e unha especial consideración por parte dos poderes públicos.

O artigo 13 da dita norma, que recolle o concepto de familia monoparental, foi obxecto de modificación pola Disposición Derradeira Terceira da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, no que se revisa o concepto de familia monoparental para adaptalo á realidade social actual das familias. Ademais, a lei 5/2021, do 2 de febreiro, contempla a especial consideración das familias monoparentais coa aprobación dun plan de apoio e co mandato de creación do Rexistro de Familias monoparentais.

Porén, é necesario desenvolver aspectos da normativa en relación coa regulación das familias monoparentais dado que a regulación actual non detalla os requisitos e medios de acreditación necesarios para o recoñecemento en cada caso da condición de familia monoparental e o procedemento de emisión e expedición dos certificados de familia monoparental. A maior abundamento, a nova regulación permitirá regular a creación do rexistro de familias monoparentais, desenvolvendo a súa organización e xestión.



É dicir, a Xunta de Galicia está a aproveitar a tramitación do decreto que permitirá a creación do Rexistro de Familias Monoparentais para abordar tamén a regulación completa da condición de familia monoparental, na mesma liña que están a facer outras comunidades autónomas.

O desenvolvemento desta regulación posibilitará que se clarifique e desenvolva a normativa reguladora da condición de familia monoparental, permitindo que as familias poidan acceder ao recoñecemento da condición de familias monoparental e ser inscritas no rexistro creado pola norma, o que lles permitirá beneficiarse da acción protectora prevista para estas unidades familiares.

Neste sentido, a regulación da condición de familia monoparental (desenvolvemento do concepto de familia monoparental, requisitos de acceso, tipos de familia monoparental, límites de idade, documentación acreditativa, etc) ten o obxectivo de xerar seguridade xurídica e establecer un procedemento específico que unifique o acceso aos posibles beneficios que neste ámbito vaian xerando as distintas Administracións Públicas, incluídos aqueles que xa se están a aplicar na actualidade.

Para realizar todo isto, a Xunta de Galicia completou xa un proceso de consulta pública previa para a aprobación do futuro decreto que regulará o rexistro de familias monoparentais e o seu acceso.

Sobre isto, desde a Consellería de Política Social téñense realizado nos últimos meses contactos coas distintas organizacións de familias monoparentais para fomentar a súa participación neste proceso, e froito deste traballo téñense recibido medio cento de achegas.

Agora, a Consellería de Política Social está a traballar na elaboración do borrador de decreto, que tamén será sometido a información pública para coñecer a opinión da sociedade galega e como paso previo á súa posterior aprobación. Polo tanto, obviamente non é posible detallar a definición de familia monoparental que se recollerá no decreto, toda vez que o mesmo se atopa en proceso de elaboración.



En todo caso, o obxectivo da Consellería de Política Social é acadar o maior consenso posible na súa tramitación, de xeito que o novo decreto sexa unha ferramenta útil para mellorar a vida das familias monoparentais e, por extensión, de toda a sociedade galega”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 29067
Data envío: 27/01/2022 08:08:44.184

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/01/2022 8:08:41

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 25225**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Diego Calvo Pouso e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os aspectos en que incidirá a Estratexia Loxística das Infraestruturas de Galicia 2020-2028 na que está a traballar o Goberno galego”**, (publicada no BOPG número 236 do 1 de decembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director xeral de Mobilidade en resposta á pregunta oral en Comisión número 25226, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión celebrada o 15 de decembro de 2021, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director xeral de Mobilidade avanzou a proposta da Comisión Europea para incluír a liña ferroviaria Vigo-Porto como rede central ampliada do Corredor Atlántico do noroeste. Nesta liña, lembrou a demanda da Xunta para que na próxima modificación do regulamento para a rede transeuropea de transportes se incorporen á rede básica europea as liñas ferroviarias A Coruña-Ferrol e Lugo-A Coruña, ademais desta de Vigo-Porto.

A resposta completa do director xeral de Mobilidade pode verse nos seguintes



enlaces:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=ZjRmZTdjNDQtMDJmMi00MjQ3LTlkYTctZjFkNDkxYjlnNWVj&start=4249](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZjRmZTdjNDQtMDJmMi00MjQ3LTlkYTctZjFkNDkxYjlnNWVj&start=4249)

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=ZjRmZTdjNDQtMDJmMi00MjQ3LTlkYTctZjFkNDkxYjlnNWVj&start=5059](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZjRmZTdjNDQtMDJmMi00MjQ3LTlkYTctZjFkNDkxYjlnNWVj&start=5059) ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 29367
Data envío: 28/01/2022 14:25:08.092

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 14:25:04

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 25245** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona Noa Díaz Varela, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia de asumir os servizos da súa competencia, actualmente prestados polas entidades locais, relativos aos conservatorios profesionais de música”**, (publicada no BOPG número 236 do 1 de decembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito á pregunta con número 16634 e publicada no BOPG número 178, de data 02/08/2021; á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:06:08
Nº Rexistro: 28633
Data envío: 24/01/2022 11:06:08.798

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:06:06

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 25307**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre **"a postura da Xunta de Galicia respecto da chegada de avances e melloras nas infraestruturas de Galicia por parte do Goberno central"**, (publicada no BOPG número 236 do 1 de decembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director da Axencia Galega de Infraestruturas en resposta á pregunta oral en Comisión número 25306, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 19 de xaneiro de 2022, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director da Axencia Galega de Infraestruturas reivindicou como un éxito colectivo dos galegos a chegada do AVE a Ourense, aínda que sinalando que segue pendente para o resto da comunidade, polo que é necesario poder dispoñer de trens AVRIL e a planificación do proceso de cambio de ancho de vía internacional da rede ferroviaria interior.



O director da Axencia Galega de Infraestruturas, ao respecto da AP-9, indicou que as peaxes desta vía continúan a ser as que máis aumentan cada ano e que a Xunta leva desde o ano 2009 demandando a súa transferencia á Comunidade.

A resposta completa do director da Axencia Galega de Infraestruturas pode verse nos seguintes enlaces:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=OTQwYmU0Y2YtNDdkNS00YWQ0LWEwMjYtZGNhNDk5ODU4MTY5&start=1055](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OTQwYmU0Y2YtNDdkNS00YWQ0LWEwMjYtZGNhNDk5ODU4MTY5&start=1055)

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=OTQwYmU0Y2YtNDdkNS00YWQ0LWEwMjYtZGNhNDk5ODU4MTY5&start=2111](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OTQwYmU0Y2YtNDdkNS00YWQ0LWEwMjYtZGNhNDk5ODU4MTY5&start=2111)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:49:57
Nº Rexistro: 29289
Data envío: 28/01/2022 11:49:57.297

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:49:53

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 25313** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia en relación co investimento para transformar o Rebullón nunha residencia de maiores e centro de día de carácter público”**, (publicada no BOPG número 236 do 1 de decembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Galicia duplicou desde o ano 2009 a oferta de prazas sostidas con fondos públicos en residencias de maiores pasando 5.500 a máis de 13.000. Isto é 8.000 prazas e residencias públicas e concertadas, e 5.000 bonos para axudar ás familias a pagar unha praza na residencia que prefiran.

Ás prazas públicas residenciais actuais que hai na area social de Vigo sumaranse 150 máis correspondentes ao novo equipamento que está en fase de construción nesta cidade dentro do plan ‘Como na casa’.

Estas 150 prazas inclúense dentro das 900 prazas totais nos sete novos equipamentos residencias públicos que actualmente están en fase de construción nas cidades de A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Pontevedra, Vigo, Lugo e Ourense, 150 prazas en cada un dos centros de A Coruña e Vigo e 120 prazas nos centros de Ferrol, Santiago de Compostela, Pontevedra, Lugo e Ourense respectivamente.

Estes novos equipamentos supoñen un impulso á ampliación da rede pública residencial para persoas maiores en situación de dependencia, reforzando a atención das persoas maiores dando máis cobertura a un maior número de persoas.



Estas novas prazas públicas suporán un avance significativo na ratio de cobertura das necesidades de atención residencial das persoas maiores, coa conseguinte diminución das persoas que se atopan no Programa de Asignación de Recursos á espera dun servizo de atención residencial.

No que respecta ao inmovible do Rebullón no concello de Mos, a Consellería de Política Social e o Concello teñen en estudo e análise un proxecto para ese complexo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 29065
Data envío: 27/01/2022 08:08:19.526

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/01/2022 8:08:17

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 25428**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para mellorar o funcionamento da rede de centros de información ás mulleres”**, (publicada no BOPG número 236 do 1 de decembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 23 de setembro de 2021, a secretaría xeral da igualdade, deu resposta á pregunta oral número de rexistro 18881, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego respecto do reforzo dos servizos de información e atención a mulleres en situación de violencia machista, na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

O Goberno Galego aposta decididamente polo mantemento dos Centros de Información ás Mulleres (CIM), incrementando o orzamento para o 2022 nun 10,5% con respecto a 2021. En total, desde 2009, a Xunta destinou máis de 38,3 millóns de euros no apoio ao funcionamento destes centros.

Actualmente Galicia conta con 84 CIM, logo das últimas acreditacións do CIM de Pereiro de Aguiar, e o CIM de Carballeda de Avia, tendo estes recursos representación nas catro provincias, para a atención, orientación, asesoramento e apoio ás mulleres, no ámbito do fomento do asociacionismo, emprendemento e tamén, e en especial, para as vítimas de violencia de xénero e as súas fillas e fillos, así como para as mulleres vulnerables.



Asemade cómpre recordar que os CIM son de titularidade municipal, a Xunta de Galicia asesora, acompaña na creación de ditos centros, e financia o persoal, así como a formación dentro do Plan Anual para profesionais dos CIM.

Ademais, a modalidade de financiamento é con fondos propios da Comunidade Autónoma de Galicia, o que representa unha constatación do recoñecemento por parte da administración autonómica da importancia e a necesidade deste recurso”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:49:32
Nº Rexistro: 29287
Data envío: 28/01/2022 11:49:32.125

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:49:28

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 25448** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do reforzo e ampliación da rede galega de atención temperá”**, (publicada no BOPG número 236 do 1 de decembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Tal e como informou a conselleira de Política Social, Fabiola García, o pasado día 21 de decembro do 2021 no pleno do Parlamento galego en resposta a unha interpelación do grupo parlamentario PSdeG-PSOE, con número de rexistro 25764 sobre o servizo de atención temperá, o Goberno galego incrementará nun 82% o orzamento destinado a esta prestación para mellorar o servizo e ampliar o número de unidades.

O vindeiro ano se destinarán 6,2 millóns de euros fronte aos 3,4 millóns de euros no ano 2021, o que permitirá manter as unidades xa existentes e abrir novas unidades ata chegar a un total de 50 unidades. Así mesmo, mellorarase o servizo ao financiar o 100% das horas prestadas e ao incrementar nun 5% o prezo por hora. Neste sentido, nos últimos 11 anos o compromiso da Xunta coa atención temperá non deixou de incrementarse ao multiplicar por 12 o seu investimento e pasar de dúas unidades abertas no ano 2009 ás 36 actuais.

Nestes momentos, o Goberno galego mantén un convenio de colaboración coa Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT) para o mantemento das unidades do Deza, Bergantiños e a comarca do Salnés que dan cobertura a un total de 22 concellos e financia a posta en marcha de 33 unidades municipais que presta servizo a outros 145 concellos e atenden a máis de 2000 nenas e nenos.



A colaboración do Goberno galego coas entidades sociais e locais permitiu que a atención temperá pasara nos últimos anos de ser un servizo ao alcance duns poucos e afincado nas cidades a ser unha prestación de proximidade, totalmente gratuíta e accesible. Así mesmo, este mesmo ano impulsouse o primeiro Plan de formación destinado aos profesionais do sector para seguir mellorando a calidade e unificar criterios de atención”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 29063
Data envío: 27/01/2022 08:07:57.401

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/01/2022 8:07:53

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 25459** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a Estratexia galega de envellecemento activo 2016-2020"**, (publicada no BOPG número 236 do 1 de decembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

"A Estratexia galega sobre envellecemento activo dende a innovación, considérase un instrumento fundamental para a planificación e enfoque das políticas públicas da Xunta de Galicia no ámbito dos maiores.

A execución e posta en marcha das actuacións previstas para o período 2016-2020 contribuíu a posicionar a Galicia como un referente en envellecemento activo e saudable a través da mellora do benestar e da calidade de vida das persoas a medida que envellecen.

A Estratexia establece como colectivos crave, principais a destinatarios das medidas previstas, as persoas de idades máis avanzadas (maiores de 80 anos), as persoas que envellecen na contorna rural, as mulleres maiores e as persoas maiores con diversidade funcional.

As principais actuacións executadas durante o período 2016-2020 foron:

Accesibilidade universal: a Consellería de Política Social concedeu distintas subvencións aos concellos galegos, destinadas á mellora da accesibilidade nos edificios e espazos de uso público, cofinanciadas polo Programa Operativo do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional Galicia 2014- 2020;



Novas tecnoloxías: fomento da utilización das TICs

Promoción do envellecemento activo: entre as que se atopan o Programa Benestar en balnearios; Programa de benestar a través da talasoterapia; Xuntanzas de maiores; Programa lecer activo; Formación persoas maiores; etc...”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 29061
Data envío: 27/01/2022 08:07:31.916

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/01/2022 8:07:29

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 25765**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto do deseño dunha estratexia de estabilidade económica e funcional para o servizo de atención temperá”**, (publicada no BOPG número 239 do 10 de decembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Tal e como informou a conselleira de Política Social, o pasado día 21 de decembro do 2021 no pleno do Parlamento galego en resposta a unha interpelación do grupo parlamentario PSdeG-PSOE, con número de rexistro 25764 sobre o servizo de atención temperá, o Goberno galego incrementará nun 82% o orzamento destinado a esta prestación para mellorar o servizo e ampliar o número de unidades.

O vindeiro ano se destinarán 6,2 millóns de euros fronte aos 3,4 millóns de euros no ano 2021, o que permitirá manter as unidades xa existentes e abrir novas unidades ata chegar a un total de 50 unidades. Así mesmo, mellorarase o servizo ao financiar o 100% das horas prestadas e ao incrementar nun 5% o prezo por hora. Neste sentido, nos últimos 11 anos o compromiso da Xunta coa atención temperá non deixou de incrementarse ao multiplicar por 12 o seu investimento e pasar de dúas unidades abertas no ano 2009 ás 36 actuais.



Nestes momentos, o Goberno galego mantén un convenio de colaboración coa Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT) para o mantemento das unidades do Deza, Bergantiños e a comarca do Salnés que dan cobertura a un total de 22 concellos e financia a posta en marcha de 33 unidades municipais que presta servizo a outros 145 concellos e atenden a máis de 2000 nenas e nenos.

A colaboración do Goberno galego coas entidades sociais e locais permitiu que a atención temperá pasara nos últimos anos de ser un servizo ao alcance duns poucos e afincado nas cidades a ser unha prestación de proximidade, totalmente gratuíta e accesible. Así mesmo, este mesmo ano impulsouse o primeiro Plan de formación destinado aos profesionais do sector para seguir mellorando a calidade e unificar criterios de atención”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2022 09:41:14
Nº Rexistro: 28925
Data envío: 26/01/2022 09:41:14.836

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/01/2022 9:41:06

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 17995** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e don Luis Bará Torres,, sobre **“as medidas previstas pola Xunta de Galicia para solucionar os vertidos ao río Asneiro procedente da depuradora de Botos”**, (publicada no BOPG número 175 do 28 de xullo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 17996, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 244, do 20 de decembro de 2021, á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 12:02:55
Nº Rexistro: 29355
Data envío: 28/01/2022 12:02:55.959

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 12:02:53

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18074**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación actual do Plan director de saneamento da ría de Noia”**, (publicada no BOPG número 175 do 28 de xullo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Os plans de saneamento local son unha ferramenta que parte da análise do funcionamento dos sistemas e da identificación dos problemas para proxectar actuacións que permitan resolver as deficiencias detectadas. No caso de Noia, o plan director de saneamento está xa redactado, revisado, finalizado e entregado.

A conclusión do pormenorizado estudo realizado é que, para seguir optimizando o sistema de saneamento e depuración deste municipio, que é competencia da administración local, é imprescindible actuar na depuradora, xa que presenta deficiencias de funcionamento e de capacidade, e na rede, que precisa novos bombeos e colectores”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 29378
Data envío: 28/01/2022 14:26:27.997

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 14:26:25

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 18085**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Susana Díaz Varela e don Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre **“a postura da Xunta de Galicia respecto do compromiso coa igualdade real entre homes e mulleres da universidades públicas galegas”**, (publicada no BOPG número 175 do 28 de xullo de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Dentro das medidas de investigación e de formación en materia de violencia de xénero, incluídas á súa vez no ámbito da prevención da violencia de xénero, de acordo co capítulo II do título I da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento da violencia de xénero, lévanse a cabo accións de promoción de formación, investigación, sensibilización e prevención da violencia de xénero no ámbito universitario. Para o desenvolvemento destas accións, nos anos 2018, 2019, 2020 e 2021 asináronse convenios de colaboración coas Universidades Galegas, financiados con cargo aos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

Mediante o Real Decreto-lei 9/2018, do 3 de agosto, aprobáronse as medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e mediante a Resolución do 3 de agosto de 2018, da Secretaría de Estado de Igualdade, publicouse o Acordo do Consello de Ministros do 3 de agosto de 2018, polo que se formalizaron os criterios de distribución e a distribución resultante para o exercicio 2018 do crédito de 100.000.000€ para o desenvolvemento polas





Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía, do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. De acordo con esta resolución, no ano 2018 correspondéronlle a Galicia un total de 8.027.342,48€ do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. A transferencia deses fondos á Comunidade Autónoma de Galicia non se fixo efectiva ata o mes de setembro de 2018, polo que, ao amparo do previsto na disposición adicional única do Real Decreto-lei 9/2018, os remanentes non comprometidos resultantes ao remate do exercicio orzamentario de 2018 correspondentes ao Pacto de Estado contra a violencia de xénero incorporáronse ao orzamento de 2019.

Como consecuencia desta operación contable, resultado de aplicar as regras orzamentarias establecidas a nivel estatal para a xestión dos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, no ano 2019 incrementáronse os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para a loita da violencia de xénero, sumándose á contía que lle correspondeu a Galicia para o 2019 (7.989.984,9€), os remanentes non comprometidos de 2018, o que deu lugar, á súa vez, a que no exercicio orzamentario de 2019 os convenios de colaboración coas universidades galegas viran case duplicado o seu importe, -que ascendeu ao total de 300.000€-, froito de sumarlle ao orzamento inicialmente previsto para o ano 2019 os remanentes non comprometidos do ano 2018.

Estes convenios de colaboración mantivéronse durante os anos 2020 e 2021, pola contía total de 120.000€ para cada ano, financiándose igualmente con cargo aos fondos do Pacto de Estado para a violencia de xénero que lle corresponderon a Galicia para o ano 2020 (7.939.202,9€) e 2021 (7.879.380,52€), respectivamente.

Neste senso cómpre sinalar que, a pesar de que os fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero que se transfiren a Galicia diminúen cada ano, mantéñense inalterables os importes que se transfiren ás universidades galegas a través dos indicados convenios.



Por último, froito da constante colaboración entre as universidades galegas e a Xunta de Galicia, tanto as contías asignadas como as accións a desenvolver son previamente acordadas e consensuadas coas tres universidades, estando a administración autonómica plenamente satisfeita co resultado desta colaboración, tal e como demostra o feito de que estes convenios sigan renovándose anualmente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2022 09:45:11
Nº Rexistro: 28944
Data envío: 26/01/2022 09:45:11.972

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/01/2022 9:45:09

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18106** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Rivas Cruz e don Luis Bará Torres, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto dos vertidos que se producen no regato de Piñor, que verte as súas augas no río Furelos, en Melide”**, (publicada no BOPG número 175 do 28 de xullo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade en resposta á pregunta oral en Pleno número 18109, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 29 de setembro de 2021, á que nos remitimos.

Na súa intervención, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade salientou, entre outras cuestións, que o Concellos de Melide é un exemplo da mala xestión das redes municipais de saneamento que prexudican aos ríos e avogou por apoiar a Lei de mellora da xestión do ciclo da auga para achegar solucións.

A resposta completa da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=M2M2NmJjMTktOTRkYy00MDk1LTgxNGYtNjMzMmZiNmQ5NTlk&start=14403](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=M2M2NmJjMTktOTRkYy00MDk1LTgxNGYtNjMzMmZiNmQ5NTlk&start=14403)



<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=M2M2NmJjMTktOTRkYy00MDk1LTgxNGYtNjMzMmZiNmQ5NTlk&start=14722> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 12:02:33
Nº Rexistro: 29353
Data envío: 28/01/2022 12:02:33.100

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 12:02:30

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18138**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas adoptadas ou que vai adoptar a Xunta de Galicia destinadas a recuperar a calidade das augas do río Eume, tanto dende o punto de vista ecolóxico coma para o seu consumo”**, (publicada no BOPG número 175 do 28 de xullo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O Consello Reitor de Augas de Galicia, como xa se informou no seu día, aprobou o pasado mes de setembro unha proposta de sanción a Endesa polo episodio de turbidez por importe de case 1,9 millóns de euros. Unha resolución que é consecuencia do incumprimento das condicións do réxime de explotación por parte da empresa concesionaria do encoro do Eume e pola desatención dos requirimentos efectuados desde Augas de Galicia. A Xunta, como tamén se informou no seu día, vén realizando un seguimento continuo do estado do río Eume e fai controis rutineiros segundo o establecido na lexislación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 29377
Data envío: 28/01/2022 14:26:21.231

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 14:26:18

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18199** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e don Ramón Fernández Alfonso, sobre **"a comunicación por parte da Confederación Hidrográfica Miño-Sil á Xunta de Galicia dos expedientes de extinción das centrais hidroeléctricas de Enviande, Castadón-Hervidoiro, Castro Caldelas e Vilachán, e as súas intencións respecto da reclamación da súa xestión"**, (publicada no BOPG número 175 do 28 de xullo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A extinción dos dereitos concesionais relativos ás concesións hidroeléctricas é unha cuestión complexa, que se está a desenvolver na Administración Hidráulica de Galicia, e que esixe unha análise en profundidade e caso por caso. Non se pode falar dunha solución xeral, porque cada caso ten as súas particularidades.

As decisións a este respecto en todas as concesións virán guiadas polo interese xeral, atendendo en cada caso concreto á súa rendibilidade social, patrimonial e natural.

Nos casos nos que resulte viable e exista posibilidade de elección da alternativa de continuidade da explotación hidroeléctrica, esta xestión realizarase mediante un modelo que reverta no interese público".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 12:02:21
Nº Rexistro: 29352
Data envío: 28/01/2022 12:02:21.569

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 12:02:19

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18200** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o estado de tramitación dos expedientes de extinción das concesións de sete centrais hidroeléctricas da bacía Galicia-Costa e as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto”**, (publicada no BOPG número 175 do 28 de xullo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa hai 4 instalacións cuxo dereito concesional está en trámite de extinción por transcurso de prazo de vixencia e son o aproveitamento de Ponte Inferno, no río Verdugo; o de Güimil, no río Lambre; o de La Castellana, no río Mandeo e de Fervenzas, no río Vexo.

Todos estes procedementos están iniciados e pendentos da emisión do correspondente informe polo Servizo encargado de Augas de Galicia, no marco da tramitación establecida no Regulamento do dominio público hidráulico.

Respecto do aproveitamento hidroeléctrico no río Anllóns foi ditada xa a resolución declarativa da extinción do dereito concesional.

A finalización do prazo outorgado para as concesións representa unha causa de extinción dos títulos habilitantes, que está regulada expresamente na lexislación sectorial de aplicación.

Tamén está regulado o procedemento de extinción e a análise de alternativas existentes cara ao futuro do aproveitamento.

A extinción dos dereitos concesionais relativos ás concesións hidroeléctricas é unha



cuestión complexa, que se está a desenvolver na Administración Hidráulica de Galicia, e que esixe unha análise en profundidade e caso por caso. Non se pode falar dunha solución xeral, porque cada caso ten as súas particularidades.

As decisións a este respecto en todas as concesións virán guiadas polo interese xeral, atendendo en cada caso concreto á súa rendibilidade social, patrimonial e natural.

Nos casos nos que resulte viable e exista posibilidade de elección da alternativa de continuidade da explotación hidroeléctrica, esta xestión realizarase mediante un modelo que reverta no interese público”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 12:02:10
Nº Rexistro: 29351
Data envío: 28/01/2022 12:02:10.460

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 12:02:07

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18221** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a demora actual que rexistra a xestión dunha solicitude de dependencia, as razóns polas que non se introduce na plataforma informática do Sistema galego de atención á dependencia a solicitude dunha familia de Arteixo rexistrada hai case nove meses e as medidas previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 175 do 28 de xullo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A atención as persoas en situación de dependencia é unha prioridade para o Goberno galego, que está a desenvolver un importante esforzo tanto no aumento do número de persoas en situación de dependencia atendidas coma na mellora da atención existente.

Segundo os datos publicados por IMSERSO correspondentes a novembro do 2021 o número de persoas en situación de dependencia recoñecida atendidas se situou en 64.743 as cales perciben un total de 76.773 prestacións do sistema. En conxunto, o número de persoas con dereito a prestación ascende a 69.022, polo que 4.279 persoas están pendentes de atención. A rateo de atención se situou nun 94%, cifra mais alta acadada na serie histórica.

Aínda que existen vías rápidas para atender aqueles casos de extrema urxencia, como os enfermos de ELA, segue habendo persoas en lista de espera. O Goberno galego traballa na axilización e mellora do sistema de valoracións, cun Plan de choque en dependencia que vai reducir á metade os tempos de espera que se rexistran na actualidade. Un Plan centrado na simplificación normativa, administrativa e no reforzo do persoal. Dentro deste plan inclúense medidas como a unificación de dous procedementos como a solicitude do grao de dependencia e a resolución do grao de Programa Individualizado de Atención (PIA). Tamén se reducen os papeis a entregar para solicitar este recoñecemento, que pasan a ser só dous: un informe médico e un informe social,), se reducen os papeis a entregar para solicitar este recoñecemento, que pasan a ser só dous: un informe médico e un informe social; e posibilitará a creación dunha prestación económica pública e complementaria ao servizo preferido no caso de que non se poida acceder de maneira inmediata ao servizo público da súa preferencia. Ademais contempla o reforzo dos



equipos de valoración con máis centros e profesionais ao seu cargo, así como incremento de persoal auxiliar de apoio a todas as fases da tramitación.

Polo que se refire ao Plan extraordinario de reforzo de persoal que se está levando a cabo, na actualidade xa están efectuadas as contratacións do persoal correspondente en todas as áreas provinciais desde o mes de novembro de 2021.

Respecto as melloras das coberturas de atención, a Xunta de Galicia aprobou dende abril de 2019 un importante complemento autonómico, establecendo un nivel de protección adicional con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia que permitiu elevar as seguintes prestacións económicas:

O servizo de axuda no fogar é un servizo moi demandado e considérase un servizo esencial que se viu moi reforzado ao longo dos anos. A Xunta de Galicia incrementou de maneira moi importante, e en distintas ocasións, o número máximo de horas dispoñibles para o seu financiamento aos distintos concellos de Galicia, titulares do servizo. Ao detectarse certas dificultades por parte dos concellos para o incremento do servizo, sexa por prestación directa ou a través de licitación do servizo nun contexto de custos crecentes, a Xunta de Galicia asinou un importante acordo coa FEGAMP co que, entre outras medidas, se acordou o incremento da achega autonómica ao Servizo de Axuda no Fogar. En base a este acordo, a contía que achega a Xunta a este servizo subirá un 24% ao longo desta lexislatura pasando dos 9,7 euros/hora actuais aos 12 euros/hora no ano 2024”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 12:42:55
Nº Rexistro: 28755
Data envío: 24/01/2022 12:42:55.999

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 12:42:53

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18237** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a previsión por parte do Goberno galego de desenvolver o Plan de xestión do xabaril e as razóns da redución das contías por danos causados pola fauna silvestre con respecto ao ano 2020"**, (publicada no BOPG número 175 do 28 de xullo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 7ª do pasado 24 de xuño de 2021 pola directora xeral de Patrimonio Natural, en resposta á pregunta oral 17157. Na súa intervención, a directora xeral explicou as medidas tomadas pola Xunta nos últimos meses relativas á xestión do xabaril e os investimentos realizados pola Consellería de Medio Ambiente.

Enlace ao vídeo da Comisión 7ª celebrada o pasado 24 de xuño de 2021:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2021-06-24?part=ab091988-fbc2-4774-a1fd-207f752d9438&start=3258> "

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:15:52
Nº Rexistro: 28715
Data envío: 24/01/2022 11:15:52.756

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:15:50

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18284**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto da execución, no ano 2021, das obras da rotonda de Elduayen, no concello de Gondomar"**, (publicada no BOPG número 175 do 28 de xullo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"O pasado mes de febreiro o Concello de Gondomar remitiulle á Axencia Galega de Infraestruturas unha proposta de reforma de glorieta na Avenida de Elduayen, na PO-340, no núcleo de Gondomar.

O pasado 26 de marzo o director da Axencia Galega de Infraestruturas respondeu ao alcalde de Gondomar cunha carta na que lle explicaba que, a pesar de que a proposta de reforma da glorieta non tiña suficiente nivel de detalle, fora analizada dende o punto de vista técnico, en especial no que se refire á seguridade viaria, concluíndo que os cambios propostos empeorarían a seguridade viaria.

Así, segundo se explica na mencionada misiva, a reforma proposta penalizaría de xeito importante os movementos ao longo da PO-340, ao xerar movementos de entrada á glorieta desde a PO-340 con cambios bruscos de traxectoria e radios de xiro moi reducidos, que empeoran a seguridade viaria nos ramais pertencentes á rede autonómica de estradas. Ademais, os illotes deflectores deseñados nas entradas á glorieta desde a PO-340 teñen un tamaño moi reducido, inferior aos actuais, o que dificulta a percepción da glorieta.

Na contestación remitida ao alcalde de Gondomar tamén se fixo constar que a sinistralidade



rexistrada nese punto da PO-340 non é significativa. Así, de acordo cos datos dos partes de accidentes da DGT, nos últimos 5 anos contabilizouse un único accidente con vítimas, foi en setembro de 2018 pero sen que houbera que lamentar feridos graves”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 29375
Data envío: 28/01/2022 14:26:07.060

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 14:26:04

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18350** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para atender a situación das mulleres vítimas de violencia de xénero que viven no rural”**, (publicada no BOPG número 175 do 28 de xullo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Cabe poñer de relevancia o papel das mulleres na consolidación do medio rural e na reactivación da súa economía e fornecemento das oportunidades, así pois será clave no VIII Plan Estratéxico de Igualdade que está a elaborar o Goberno galego.

Dentro das áreas prioritarias da Administración autonómica, está favorecer a loita contra a violencia de xénero por medio de varios convenios de colaboración asinados coas federacións que representan ás mulleres rurais de Galicia como, a Federación de Asociacións de Mulleres Rurais (Fademur), Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (Femuro) ou a Federación para a Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra (Femupo), ademais da Federación de Redeiras O Peirao.

Dentro das vías de actuación que a Xunta leva implementadas están, desde o ano 2016, as axudas a entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero, a Xunta sumou a estas axudas económicas as destinadas ao alugueiro de vivenda e ao fomento da contratación nas entidades locais galegas de mulleres que padeceron violencia de xénero, destacando o



número de insercións nos concellos do rurais.

Galicia, ademais, conta cunha rede de 84 Centros de Información á Muller (CIM), coa incorporación de dos novos CIM no rural, concretamente nos concellos de Carballeda de Avia e no do O Pereiro de Aguiar, que garanten un servizo de proximidade na atención das vítimas de violencia de xénero con apoio xurídico e psicolóxico ás vítimas.

O empoderamento das mulleres rurais, o traballo a prol do fornecemento da súa participación e inserción laboral e asociativa son claves para entender un rural próximo, con garantía de futuro e cohesionado en base á redución da fenda de xénero existente no emprego e no emprendemento, tendo por metas, unha mellora da calidade da vida das mulleres rurais e no conxunto da Comunidade.

Así mesmo cabe destacar que a Xunta está a investir, a través dun convenio de colaboración entre as consellerías de Emprego e Igualdade e do Medio Rural, un total de 250.000 euros, máis do dobre con respecto ao acordo asinado en 2019, en accións de formación, prevención e sensibilización para facer fronte á violencia de xénero no rural. Ademais, este acordo renova o compromiso do Goberno galego para desenvolvemento de medidas previstas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

En concreto, leváronse a cabo distintas actuacións, como a confección de material específico para a prevención e a sensibilización fronte á violencia de xénero, así como para o apoio e información das vítimas, ademais da elaboración de campañas relacionadas coa loita contra a violencia de xénero, de charlas divulgativas ou dunha acción de difusión en redes orientada ás mulleres maiores do rural. Así mesmo, contéplanse actividades formativas como a formación técnica sobre programas de inserción laboral para vítimas de violencia de xénero, ademais da organización dunha xornada de conclusión de resultados coa participación e colaboración dos 24 grupos de desenvolvemento rural da comunidade.



Nos últimos dous anos este programa chegou a máis de 3.600 mulleres e a máis de 5.200 menores en toda Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 12:01:58
Nº Rexistro: 29350
Data envío: 28/01/2022 12:01:58.507

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 12:01:55

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 18500**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **"os motivos polos que se decidiu facer unha modificación á baixa do programa 451B, Acceso á vivenda, nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e o impacto que tivo sobre os colectivos potencialmente beneficiados por unha completa execución deste programa"**, (publicada no BOPG número 176 do 29 de xullo de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"Na iniciativa estase a confundir o orzamento da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda co do Instituto Galego da Vivenda e Solo. No programa 451B da Consellería inclúense exclusivamente os fondos finalistas do Estado que a Consellería transfere ao IGVS para a súa execución.

O IGVS executa os fondos finalistas do Estado xunto cos fondos propios da comunidade autónoma a través do programa 451B do orzamento propio do IGVS.

En 2020, o programa 451B do orzamento do IGVS estaba dotado cun crédito inicial de 33.242.800 euros, resultado da suma de 10.478.000 euros de fondos finalistas do Estado e 22.494.800 euros de fondos propios da comunidade autónoma.



Os fondos do plan de vivenda considéranse executados en fase D, cando as axudas xa foron concedidas, aínda que en parte ou en todo non estean pagadas, a falta das xustificacións pertinentes por parte dos beneficiarios. A execución en fase D do programa 451B do orzamento do IGVS acadou en 2020 71,54% sobre o crédito inicial.

Esa execución podería ter sido moi superior se non fose pola imposibilidade de executar preto de 6 millóns de euros destinados á adquisición de solo para a ampliación de San Paio de Navia. Dita adquisición non puido realizarse como consecuencia do atraso na aprobación por parte do Concello do plan parcial.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 12:01:47
Nº Rexistro: 29349
Data envío: 28/01/2022 12:01:47.132

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 12:01:44

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 18512**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **"as razóns do incremento, por importe de 16.703.000 euros, levado a cabo no programa 451B, Acceso á vivenda durante o ano 2020, os valores acadados polos indicadores denominados Vivendas de promoción pública licitadas e Axudas concedidas para o acceso á vivenda, así como o impacto do baixo nivel de execución que presenta"**, (publicada no BOPG número 176 do 29 de xullo de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"Na iniciativa estase a confundir o orzamento da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda co do Instituto Galego da Vivenda e Solo. No programa 451B da Consellería inclúense exclusivamente os fondos finalistas do Estado que a Consellería transfere ao IGVS para a súa execución.

O IGVS executa os fondos finalistas do Estado xunto cos fondos propios da comunidade autónoma a través do programa 451B do orzamento propio do IGVS.

En 2020, o programa 451B do orzamento do IGVS estaba dotado cun crédito inicial de 33.242.800 euros, resultado da suma de 10.478.000 euros de fondos finalistas do Estado e 22.494.800 euros de fondos propios da comunidade autónoma.



Os fondos do plan de vivenda considéranse executados en fase D, cando as axudas xa foron concedidas, aínda que en parte ou en todo non estean pagadas, a falta das xustificacións pertinentes por parte dos beneficiarios. A execución en fase D do programa 451B do orzamento do IGVS acadou en 2020 71,54% sobre o crédito inicial.

Esa execución podería ter sido moi superior se non fose pola imposibilidade de executar preto de 6 millóns de euros destinados á adquisición de solo para a ampliación de San Paio de Navia. Dita adquisición non puido realizarse como consecuencia do atraso na aprobación por parte do Concello do plan parcial.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 12:01:35
Nº Rexistro: 29348
Data envío: 28/01/2022 12:01:35.851

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 12:01:33

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18544** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as axudas económicas recibidas polo Grupo Cándido Hermida e as previsións da Xunta de Galicia respecto dos despedimentos que se produciron neste grupo empresarial”**, (publicada no BOPG número 176 do 29 de xullo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Autoridade Laboral non é órgano competente para entrar a valorar si houbo unha vulneración dos dereitos fundamentais das persoas traballadoras do Grupo Cándido Hermida, senón que é competencia dos órganos da xurisdición social. De feito, a normativa reguladora dos despedimentos, artigo 53.3 do Estatuto dos Traballadores, prevé que deberán ser obxecto de recurso ante a xurisdición social como si se tratase dun despedimento disciplinario, non reservándose competencia nin función algunha respecto a estes asuntos á Autoridade Laboral.

Aínda así, a Xunta de Galicia reuniuse cos representantes do persoal en todo momento e ofreceu intermediación no conflito, algo que finalmente foi rexeitado pola empresa ao manter vías de diálogo abertas coa Representación Legal dos Traballadores.

A finais do mes de maio de 2021, e a petición da Confederación Intersindical Galega (CIG), a Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Emprego e Igualdade mantivo un encontro con representantes de dito sindicato e, posteriormente, ca representación da empresa, a cal confirma os despedidos e informa de que estes foron obxecto de demanda ante



a xurisdición social, estando á espera das sentencias.

En todo caso, ao producirse un despedimento será a xurisdición social a que resolva sobre os dereitos das persoas traballadoras”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 12:01:24
Nº Rexistro: 29347
Data envío: 28/01/2022 12:01:24.320

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 12:01:21

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18548** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións da Xunta de Galicia en relación co peche de tendas do Grupo Inditex en Ferrol e A Coruña”**, (publicada no BOPG número 176 do 29 de xullo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“En xullo de 2021, mantivéronse reunións coa dirección de Recursos Humanos do Grupo Inditex e manifestaron ao Goberno galego que non se ían pechar tendas na comunidade autónoma nese ano. Nas mesmas, trasladóuselle a petición de mantemento do maior número posible de tendas en Galicia.

O grupo ten constituído unha mesa informativa con reunións trimestrais sobre o peche de tendas en Galicia coas organizacións sindicais asinantes do acordo de outubro do 2020, CCOO e UGT”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 12:01:12
Nº Rexistro: 29346
Data envío: 28/01/2022 12:01:12.539

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 12:01:09

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18560** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a audiencia e o horario de emisión pola Televisión de Galicia do programa Clac, adicado ao cinema galego”**, (publicada no BOPG número 176 do 29 de xullo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio e Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“O programa CLAC vén a completar a oferta das noites temáticas da G2 que se emiten a diario na segunda canle: luns, a noite da lembranza; martes, a noite da descuberta; mércores, a noite da música; xoves, a noite da cultura; e agora, venres, a noite do cine.

O programa CLAC estreouse no marco da Semana das Letras Galegas o venres 21 de maio de 2021 ás 23 horas na G2. O programa concibiuse como unha ferramenta de divulgación do noso cinema e talento audiovisual que ademais sirva para contextualizar e presentar a longametraxe que a continuación se emite cada semana.

Neste número cero a película escollida foi a adaptación cinematográfica da obra de Blanco Amor A Esmorga.

Os datos de audiencia meramente referenciais e de escaso valor analítico ao tratarse dun único programa e día sinalan:

A noite do cine (Coloquio + película): CLAC / A ESMORGA

Cinco mil espectadores.





Na primeira canle a esa mesma hora encotrámonos en pleno prime-time dun dos programas máis emblemáticos da TVG, o Luar, que tivo unha audiencia media de 84.000 espectadores.

Audiencia das demais canles públicas e privadas que se emiten en televisión nese horario:

| Canles | Audiencia media en miles |
|------------|--------------------------|
| A3 | 160 |
| TVG | 113 |
| T5 | 95 |
| La1 | 64 |
| LA SEXTA | 49 |
| CUATRO | 35 |
| ATRESERIES | 28 |
| FDF | 27 |
| NOVA | 21 |
| La2 | 20 |
| DIVINITY | 16 |
| DKISS | 11 |
| ENERGY | 11 |
| BEMADtv | 8 |





| Canles | Audiencia media en miles |
|----------------------------|--------------------------|
| BOING | 7 |
| DMAX | 7 |
| 24H | 7 |
| TEN | 6 |
| NEOX | 6 |
| DISNEY CHANEL | 6 |
| TRECE | 6 |
| PARAMOUNT NETWORK | 5 |
| CANAL COCINA | 5 |
| GOL | 5 |
| CANAL HOLLYWOOD | 4 |
| AXN WHITE | 4 |
| DISCOVERY | 4 |
| MOVISTAR LIGA DE CAMPEONES | 4 |
| MEGA | 3 |
| TNT | 3 |
| MOVISTAR ESTRENOS | 3 |
| NICK JR | 2 |
| AXN | 2 |
| SYFY | 2 |
| FOX | 2 |
| XTRM | 1 |

Valora a CRTVG permitir a visualización en liña durante un tempo determinado dos filmes que se emiten en Clac?

En abril de 2020, dentro das medidas para contrarrestar os efectos da COVID, e neste caso concreto do peche temporal das salas, a CRTVG abriu un espazo na web, Carteleira G, que



achegou cada semana un paquete de películas en galego na web crtvg.gal. Unha proposta de películas cun fío condutor (mesmo director, mesma temática, xénero etc.), que ofreceu ao público unha alternativa para ir ao cine sen saír da casa cunha escolma de títulos en galego apoiados pola Televisión de Galicia. Ao longo de varios meses foron exhibidos varias dúcias de títulos. As películas do programa Clac son accesibles na web. Sempre en función das condicións contractuais dos filmes e das necesidades e demandas do público, e a futura OTT é unha oportunidade adicional neste senso tamén”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 12:00:59
Nº Rexistro: 29345
Data envío: 28/01/2022 12:00:59.789

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 12:00:57

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18561** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o presente e o futuro do departamento de produción propia da Radio Galega, así como do Estudio 5”**, (publicada no BOPG número 176 do 29 de xullo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio e Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“O director xeral da CRTVG respostou unha pregunta moi similar na comisión de Control de xullo de 2021 en resposta ao PsdG:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-permanente-non-lexislativa-control-corporacion-radio-televison-2021-07-09?part=6e621973-2476-4bc3-ad72-fcccdc4bdec9&start=8958>

O 100% da produción Radio Galega é produción propia, e non hai que diferenciar con outras modalidades de produción. Entendendo que a pregunta se refire ao Arquivo Sonoro, a súa responsabilidade depende dunha coordinación que se deriva directamente da dirección da Radio Galega. Este equipo encárgase da gravación e custodia de material sonoro musical.

O Arquivo Sonoro conta entre as súas competencias coa gravación e edición principalmente de concertos de orquestras de música clásica, corais e bandas municipais gravacións que, obviamente, non se realizan no Estudio 5 da Radio Galega. De xeito excepcional este arquivo atende tamén gravacións de actuacións doutros estilos musicais.

No pasado, este departamento asumiu a gravación de concertos e maquetas de grupos musicais de todos os xéneros, ata que hai máis dunha década esta actividade foi considerada competencia desleal para os estudos de gravación de titularidade privada.



En consecuencia, non existe un departamento de produción propia, senón o desenvolvemento dunha acción de servizo público vencellada á gravación e custodia de material musical de sobresaínte valor cultural para o patrimonio de audio do Arquivo Sonoro da Radio Galega e de Galicia en xeral.

A Radio Galega no seu conxunto, e non só o equipo do Arquivo Sonoro, emprega o 'Estudio 5' da radio pública para gravacións puntuais de actuacións musicais, para a súa custodia ou emisión por vía de proxectos dixitais como 'Medio Bolo'.

O coordinador do devandito arquivo da Radio Galega xubilouse no mes de xullo de 2021. Con todo, a continuidade do servizo público de gravación e custodia de música clásica, de corais, bandas e outros xéneros musicais está garantida, a partir dunha aposta sen precedentes que abranguerá tamén a explotación dixital dese material".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 12:00:48
Nº Rexistro: 29344
Data envío: 28/01/2022 12:00:48.508

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 12:00:46

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18744** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia en relación co estado do protocolo interinstitucional de actuacións sobre delitos sexuais do partido xudicial de Santiago de Compostela”**, (publicada no BOPG número 184 do 10 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“De acordo coa Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a violencia sexual e os abusos sexuais constitúen unha forma de violencia de xénero e, polo tanto, as persoas vítimas de violencia sexual e abusos sexuais teñen a condición de vítimas de violencia de xénero.

Ao amparo deste marco legislativo, e como parte dos traballos realizados polo Observatorio Galego da Violencia de Xénero (grupo de traballo 4.- Pautas para a prevención e o tratamento das distintas formas de violencia sexual), estudouse, en colaboración co partido xudicial de Santiago de Compostela, a posibilidade de elaborar un protocolo de actuación ante delitos de violencia sexual, que sería de aplicación no ámbito xudicial.

Consciente da singularidade da violencia sexual e dos abusos sexuais como unha forma específica de violencia de xénero, dentro da enquisa sobre a percepción da violencia de xénero en Galicia, presentada en novembro de 2020, dedicouse un apartado específico á violencia sexual, cuxos resultados revelan que, en relación aos motivos que a cidadanía considera como desencadeamento da violencia sexual, o maior grao de acordo (todos por enriba do 80%) maniféstase co ‘machismo imperante na sociedade’, os ‘problemas



psicolóxicos ou mentais dos agresores', a 'falta de autocontrol do agresor' e o 'abuso de alcohol e drogas' dos agresores. Menor consideración obteñen os que se poden definir como motivos vinculados directamente ao comportamento sexual.

Polo tanto, o Goberno galego continúa a achegar esforzos e recursos para darlle unha atención específica e especializada ás vítimas de delitos sexuais. Neste senso, no eido da atención ás vítimas de violencia sexual, ademais de seguir operativo o servizo de apoio psicolóxico a vítimas de violencia sexual, priorizando o mantemento e o contacto permanente con todas as usuarias, tamén se manteñen todos os programas específicos destinados á súa atención, como o Programa de intervención con mulleres vítimas de abuso e violencia sexual, desenvolvido pola Fundación Meniños en colaboración coa Consellería de Emprego e Igualdade, cuxas destinatarias son mulleres vítimas de abuso e violencia sexual, que mostran desaxustes físicos, emocionais, condutuais e de relación como consecuencia do abuso, así como os seus familiares ou persoas que, baixo o consentimento da vítima, teñen un papel imprescindible na súa recuperación.

O seu obxectivo non é outro que promover o seu desenvolvemento nun contexto de seguridade e de prevención de novas situacións traumáticas; acompañar ás mulleres na adquisición de información e habilidades para afrontar as consecuencias do abuso; elaborar dunha narrativa adecuada do trauma e promover a integridade da identidade e benestar bio-psico-social.

Estes programas complementáanse co desenvolvemento de accións de sensibilización e prevención, así como de atención e apoio a vítimas de violencia sexual e trata, mediante convenios de colaboración con entidades sen ánimo de lucro, pertencentes á Rede Galega contra a Trata.

Por outra banda, sinalase que no marco do Grupo de traballo 1, constituído dentro do Observatorio Galego da violencia de Xénero, levouse a cabo o deseño e redacción do Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero na



Comunidade Autónoma de Galicia, para facilitar a coordinación e colaboración entre as distintas entidades e axentes que interveñen no eido da violencia de xénero e garantir unha atención integral ás mulleres e menores que a sofren.

Como recurso complementario a este protocolo, a Secretaría Xeral da Igualdade, en colaboración coa AMTEGA, puxo en marcha o Mapa de recursos en liña na área da violencia de xénero. Na xuntanza do Pleno do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, do 20 de marzo de 2018, incorporáronse ao texto do Protocolo as achegas realizadas pola Fiscalía Xeral do Estado, e validouse definitivamente o dito Protocolo. Dentro do protocolo identificáronse propostas de mellora e recomendacións dirixidas a cada unha das áreas obxecto de estudo e análise. Así, establécense propostas no eido da formación e da capacitación nas áreas sanitaria, das forzas e corpos de seguridade, xurídica e social. Así mesmo, tamén se identifican propostas de actuación no eido da atención das mulleres e menores que sofren violencia de xénero, dirixidas a cada unha desas áreas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 29373
Data envío: 28/01/2022 14:25:53.638

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 14:25:50

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18748** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto da aplicación da Lei 2/2014 e do funcionamento do Observatorio Galego contra a Discriminación por Orientación Sexual e Identidade de Xénero”**, (publicada no BOPG número 184 do 10 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A conselleira de Emprego e Igualdade, deu resposta, o pasado 23 de xuño de 2021, á pregunta número de rexistro 17281, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento da Lei 2/2014 e do funcionamento do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero.

Tal e como sinalou, o Goberno galego leva anos loitando contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero con medidas transversais.

Galicia foi a primeira Comunidade Autónoma que contou cunha Lei LGTBI (Lei 2/2014, de 14 de abril), que garante o principio de igualdade de trato e de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero, e que contén medidas para previr e eliminar as discriminacións en calquera ámbito.

E Galicia tamén conta cunha iniciativa pioneira que se puxo en marcha en 2018, o Observatorio contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero. Este ten como obxectivo dar cumprimento ao previsto no artigo 7.2 da devandita Lei. Trátase dun



órgano colexiado, con carácter consultivo e de participación social, integrado polas entidades máis representativas na Comunidade do colectivo LGTBI e aberto a todas as que desexen sumarse. É un espazo no que se garante un diálogo fluído coa Administración galega para sumar esforzos na loita contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero.

Mostra dese compromiso tamén son os convenios de colaboración que se asinan cada ano coas principais entidades do colectivo na nosa Comunidade, concretamente seis con: Arelas, Casco, Nós Mesmas, Alas Coruña, Les Coruña e Pvlse LGTBIQ+. En 2021 aportáronse 6.000 euros a cada entidade, o dobre do orzamento destinado en anos precedentes.

Remitimos o enlace á resposta:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=Mjk0NjJmOTUtOTA0MCO0NDMwLWFkNWItNjJwMWIzMTg1MDUw&start=4600> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 29372
Data envío: 28/01/2022 14:25:46.763

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 14:25:44

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18836**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto da restitución dos dereitos laborais do persoal da Consellería de Política Social suspendidos no ano 2012"**, (publicada no BOPG número 184 do 10 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

"A Lei 1/2012, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público, suspendeu a aplicación dunha serie de artigos do V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, entre eles o artigo 19.

O artigo 1º do V convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia establece o ámbito persoal e territorial: 'Este convenio colectivo establece re regula as normas polas que se rexerán as relacións de carácter xurídico-laboral entre a Xunta de Galicia e o persoal que, suxeito á lexislación laboral, preste os seus servizos baixo a súa dependencia e a dos seus organismo autónomos'.

O V convenio colectivo único, non é exclusivo da Consellería de Política Social, senón que afecta a todo o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Nos centros da Consellería de Política Social hai protocolos supervisados pola Dirección Xeral de Saúde Pública e unhas avaliacións de riscos laborais en consonancia cos protocolos. Os centros contan coas medidas e cos equipos de protección oportunos.

Os traballadores do ámbito da política social teñen reguladas as súas condicións de traballo polo V convenio colectivo.



A xornada máxima anual é de 1.665 horas, pero a inmensa maioría dos traballadores da Consellería de Política Social está por baixo das 1.600 horas. Ningún traballador traballa máis de 5 días consecutivos, nin realiza máis de 2 noites consecutivas. Ademais, teñen descanso alternativo de fin de semana (unha fin de semana de traballo e unha fin de semana de descanso). As substitucións están garantidas para todas as ausencias, como permisos ou vacacións. E teñen un reforzo de 159 efectivos contratados con motivo da actual pandemia, distribuídos entre todos os centros residenciais dependentes desta Consellería.

Desde a Consellería de Política Social e por suposto desde os seus centros de atención socio sanitaria respéctanse as disposicións contidas no citado convenio e na normativa laboral aplicable.

Os centros dispoñen de protocolos de actuación específicos fronte ao Covid. Os servizos de prevención de riscos laborais da Xunta de Galicia elaboraron as avaliacións de riscos en base a eses protocolos e realizaron cursos de prevención entre os efectivos dos centros. Por outra banda, nos centros de política social existen EPIS suficientes e axeitados.

En consecuencia, desde a administración fíxose todo o posible porque as condicións laborais foran as mellores na situación de pandemia que estamos a vivir”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:15:25
Nº Rexistro: 28711
Data envío: 24/01/2022 11:15:25.694

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:15:21

CSV: BOPGDSPG-GSOIjH75-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18837**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os labores de inspección da Consellería de Política Social nas residencias de maiores e demais centros que prestan servizos sociais en Galicia”**, (publicada no BOPG número 184 do 10 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A inspección de servizos sociais regúlase na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e na normativa de desenvolvemento. Na relación de postos de traballo da Consellería de Política Social concréntanse e asígnanse os postos para realizar esta función.

Na actualidade a Subdirección de Autorización e Inspección de Servizos Sociais da Consellería de Política Social conta con 29 profesionais, ademais do apoio de persoal nas catro xefaturas territoriais correspondentes para instruír os expedientes sancionadores.

